

GUÍA PARA A PROTECCIÓN XURÍDICA Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA

XUNTA
DE GALICIA

Guía para a protección xurídica á infancia e á adolescencia

Autor: Santiago Míguez Caridad.

Edita: Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

1ª ed., Santiago de Compostela, 2022.

© do texto, o autor.

© da edición, Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Maquetación: alamces



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons (pode verse unha copia das condicións da licenza en

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Guía xurídica para a protección á infancia e á adolescencia

Santiago Miguez Caridad





ÍNDICE

1 Presentación	7
2 Introducción	9
2.1 Concepto de protección	9
2.2 Normativa básica	9
2.3 Abreviaturas	10
2.4 Recursos.....	12
3 Conceptos xurídicos básicos na protección á infancia e á adolescencia.....	13
3.1 Unha persoa menor de idade (“menor”).....	13
a) Concepto	13
b) Efectos	13
c) Duración.....	13
3.2 Patria potestade ou potestade paterna	14
a) Concepto	15
b) Efectos	15
c) Duración	17
3.3 Situación de risco	18
a) Concepto	18
b) Efectos	20
c) Duración	22
3.4 Situación de desamparo	23
a) Concepto.....	23
b) Efectos	23
c) Duración	26
d) Procedemento para a declaración de desamparo e asunción da tutela administrativa ou por ministerio da lei	26



3.5 Tutela por ministerio da lei (tutela administrativa)	29
a) Concepto.....	29
b) Efectos	30
c) Duración.....	30
3.6 Tutela ordinaria (tutela xudicial)	30
a) Concepto.....	30
b) Efectos	31
c) Duración.....	31
d) Procedemento para a constitución da tutela ordinaria.....	32
3.7 Garda.....	32
a) Concepto.....	32
b) Efectos	32
c) Duración.....	34
d) Procedementos para acordar a garda.....	35
3.8 Garda con fins de adopción.....	36
3.9 Garda de feito e outras gardas.....	37
a) Concepto.....	37
b) Efectos	38
c) Duración.....	40
3.10 Acollementos.....	40
a) Concepto e clases	40
b) Efectos	45
c) Duración.....	47
d) Criterios.....	49
3.11 Adopcións.....	50
a) Concepto.....	50
b) Efectos	51
c) Duración.....	53

ÍNDICE

4 Axentes do sistema de protección á infancia e á adolescencia.....	58
4.1 O “menor”: unha persoa menor de idade	58
4.2 As nais e/ou os pais.....	58
4.3 A Consellería de Política Social e Xuventude	59
4.4 Ministerio Fiscal.....	62
4.5 Xulgados e tribunais.....	67
4.6 O/a Valedor/a do Pobo	71
4.7 Outros axentes de protección.....	72
5 Cuestións prácticas.....	74
5.1 Criterios xerais / principios reitores.....	74
5.2 Respostas a algunhas cuestións usuais	82



P



PRESENTACIÓN

A protección á infancia e á adolescencia conxuga de forma indisoluble aspectos técnicos e xurídicos. Neste ámbito dos servizos sociais, que afecta un aspecto tan íntimo das vidas das persoas como é a configuración da familia durante as etapas máis temperás do desenvolvemento, resulta imprescindible combinar o máximo respecto aos dereitos e deberes que a lexislación impón con atender con sensibilidade e de forma personalizada cada caso.

Tolstoi indicou na primeira frase de Ana Karenina que todas as familias se parecen unhas a outras, pero que cada familia infeliz o é á súa maneira. O humanista ruso reflectiu a riqueza dos casos que chegan aos servizos sociais e, en consecuencia, a dificultade de crear categorías normativas que os abarquen na totalidade.

Non obstante, é preciso partir da base firme da lexislación vixente en cada momento para atender da forma máis segura o interese superior de nenos, nenas e adolescentes. Con este obxectivo édítase esta Guía xurídica para a protección á infancia e á adolescencia, en tanto que apoio para os equipos técnicos do sistema, dependan estes dos servizos sociais especializados, dos servizos sociais comunitarios ou das entidades do terceiro sector que forman parte do sistema de protección.

Precisamente, esta guía configúrase como un resultado máis da frutífera colaboración entre a Administración e as entidades que colaboran no sistema. O texto toma como base a guía do mesmo nome editada polo Colectivo Galego do Menor en 2002. O seu autor, no marco da colaboración coa Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO, propúxolle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a actualización do documento tras as importantes reformas lexislativas que sucederon nos últimos vinte anos. Este instrumento encaixa perfectamente na planificación de desenvolvemento de protocolos e manuais de procedemento dos servizos sociais.

En consecuencia, para a Xunta de Galicia resulta un pracer seguir colaborando coas entidades de protección para reforzar os recursos postos á disposición do conxunto do sistema.

Jacobo Rey Sastre

Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



PRESENTACIÓN



“¿Queremos unos niños y niñas más responsables, más autónomos para afrontar los cambios sociales futuros, con criterios morales más desarrollados? ¿O queremos unos niños y niñas mejor controlados, más a la imagen y semejanza de los adultos de hoy, con unos criterios morales prefijados?”

Las respuestas a tales preguntas no son, en absoluto, ni fáciles ni banales. Como tampoco son cuestiones muy objetivables: están cargadas de opciones de valor. Por añadidura, cualquier análisis simple de las mismas puede estar sesgado por nuestras representaciones colectivas sobre qué es la infancia. (...)

Al inicio del siglo XXI, más que nunca en la historia, nuestras sociedades necesitan formar personas responsables, sabiendo que la responsabilidad deberá ejercerse incluso ante situaciones inéditas. Este es el contexto psicosocial amplio en el que nos movemos. Y es en él donde se nos plantean las cuestiones de derechos y deberes de los “menores” y, por tanto, sus responsabilidades legales. (...)

Al igual que la libertad no se concede, sino que se conquista o se asume, la responsabilidad no se puede presuponer que se adquiere por decreto, sino que se construye. No se puede empezar exigiendo responsabilidad, sino facilitando las condiciones para que la responsabilidad se aprenda y se exprese”.

Ferrán Casas, en *“Infancia: Perspectivas psicosociales”*. Paidós Ibérica, 1998.

Baixo este enfoque naceu a idea inicial deste traballo en 2002, que correspondeu no seu momento ao Colectivo Galego do Menor, asociación sen ánimo de lucro que englobaba centros de protección para nenos, nenas e adolescentes en Galicia; xa daquela, con máis de vinte anos de experiencia de traballo con infancia e adolescencia en desamparo.

O obxectivo da guía foi simplemente ofrecer unhas liñas básicas de achegamento á protección á infancia e á adolescencia en Galicia dende as seguintes orientacións:

- Un achegamento xurídico e, nese senso, pretendía colaborar no fomento da cultura da protección á infancia e adolescencia dende unha óptica de dereitos de cada persoa menor de idade.
- Un achegamento descritivo e básico e non crítico e exhaustivo, por estimalo máis acaído para á súa finalidade práctica.
- Un achegamento ao eido da protección exclusivamente, deixando á marxe o da denominada “reforma” (responsabilidade penal das persoas menores de idade).
- Un achegamento centrado en Galicia e, polo tanto, centrado na normativa de aplicación nesta Comunidade Autónoma.
- Correlativamente, con exclusión en particular da adopción internacional e a súa normativa específica.





- E un achegamento dirixido principalmente a todos os axentes do sistema de protección á infancia e á adolescencia, sobre todo no seu aspecto práctico.

O contido dese achegamento pretendía responder dúas cuestións:

- **que e como se pode facer (mecanismos de protección) e**
- **quen o pode/debe facer (axentes de protección).**


Revisada esta guía durante o ano 2021, desta volta por iniciativa de ACOUGO, Asociación galega de familias de acollida, e co apoio e colaboración tanto no aspecto técnico como noutros aspectos por parte da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, atopámonos con que as institucións de protección mudaron parcialmente por mor de diversas modificacións normativas, e igual acontece cos axentes de protección. Pero, por riba de todo, tense ampliado e complicado o aparello normativo no cal se definen as regras de xogo xurídicas para este sistema de protección. Con estes vimbias, séguese practicamente o mesmo esquema de contidos de 2002, pero actualízase o contido ata a data de decembro de 2021 e déixase permanentemente aberta á riqueza da realidade a posibilidade de ir engadindo sucesivas cuestións prácticas.

Dende todo o anterior, ofrécense as seguintes páxinas cunha pretensión de guión básico actualizado e vivo ou matriz de sucesivas melloras e engadidos.

A Coruña, 8 de setembro de 2022



INTRODUCCIÓN



2.1 Concepto de protección

- a) Entendemos por protección á infancia e á adolescencia toda actividade social que teña como obxectivo o desenvolvemento normal dos nenos, nenas ou adolescentes e o fomento das súas capacidades tanto na familia como na sociedade, para que se convertan en adultos responsables. (Considerando 2 da Resolución do Parlamento Europeo sobre medidas de protección a “menores” na Unión Europea, 1997).
- b) Especificamente, “Para os efectos desta lei, enténdese por sistema de protección de menores o conxunto de servizos, actuacións e medidas de intervención dos poderes públicos destinadas a paliar as situacións de desprotección e conflito social nas que poidan encontrarse as persoas menores de idade (artigo 48.1 LFam)¹ .
- c) Dispoñemos dunha descrición máis ampla dende a Consellería de Política Social e Xuventude, como entidade pública competente en materia de protección á infancia e á adolescencia en situación de desamparo en Galicia (artigo 12 e disposición adicional 22ª LOPXM, en relación co artigo 41.1.a LFam e cos artigos 5 e 7 e ss. LDCG²), en <https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/proteccion-da-infancia>

2.2 Normativa básica

- **Convención sobre os Dereitos do Neno** adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, ratificada por España o 6 de decembro de 1990.
- **Código Civil.**

1 Para unha visión xeral da política de infancia en Galicia, relativamente actualizada (en protección á infancia e á adolescencia, os datos son de 2016), pódese consultar *La infancia en Galicia 2018*, UNICEF, decembro 2018, dispoñible en https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/La_infancia_en_Galicia_2018.pdf

E para unha diagnose recente da situación da infancia e adolescencia en Galicia pódese consultar Os dereitos da infancia en Galicia, Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG), novembro 2021, dispoñible en <https://infanciagalicia.org/os-dereitos-da-infancia-en-galicia/>

2 E de conformidade co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, atribúeselle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia (art. 14.1.a) e, en particular, “protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, así como executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores” (art. 14.b).



- **Lei orgánica 1/1996**, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do “menor”, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.
- **Lei 3/2011**, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- **Lei 2/2006**, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- **Decreto 42/2000**, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.
- **Decreto 192/2015**, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.
- **Lei 13/2008**, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- **Decreto 99/2012**, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2.3 Abreviaturas

As abreviaturas que se usarán neste documento para esta normativa básica, e para algunha outra norma de cita frecuente, serán as seguintes:

Abreviatura	Ámbito	Norma	URL
CC	Estatual	Real decreto do 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código civil	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1889-4763
CDN	Internacional	Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptado pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 ³	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-1990-31312 • https://infanciagalicia.org/convencion-texto-oficial/ (texto en galego)
CS	Galego	Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160608/AnuncioG0425-020616-0007_gl.html

3 Os tratados internacionais válidamente celebrados, unha vez publicados oficialmente en España, formarán parte do ordenamento interno (artigo 96.1 da Constitución española, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1978-31229>).

Abreviatura	Ámbito	Norma	URL
D 42/2000	Galego	Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1889-4763
D 99/2012	Galego	Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.lex.gal/galilex/5306
LDCG	Galego	Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.lex.gal/galilex/589 • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-14563
LFam	Galego	Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.lex.gal/galilex/7752 • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-13120
LOPIVI⁴	Estatal	Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-9347&p=20210605&tn=1#ti-4
LOPXM	Estatal	Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-1069
LSSG	Galega	Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-807 ou https://www.lex.gal/galilex/7750

4 Sobre a LOPIVI en xeral, pódese acudir á *Guía sobre la Ley Orgánica de Protección integral a la Infancia y la Adolescencia frente a la Violencia* da Plataforma de Infancia e mais á Cátedra de los Derechos del Niño de la Universidad Pontificia Comillas/Proyecto Holistic, de maio de 2022, dispoñible en <https://www.plataformadeinfancia.org/documento/guia-ley-organica-proteccion-infancia-y-adolescencia-frente-a-violencia/>.



2.4 Recursos

Son recursos oficiais, abertos e gratuítos para procurar:

- cales poden ser as normas aplicables, e mais
- cal é o texto vixente de cada norma nun momento dado

Ámbito	Recurso	URL
Galega	Identifica normativa galega	<ul style="list-style-type: none"> • https://politicassocial.xunta.gal/gl/conselleria/normativa
Galega	Facilita normativa galega consolidada (textos actualizados) a texto completo ⁵	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.lex.gal/portada
Galega e provincial	Facilita normativa galega e provincial NON consolidada (textos completos)	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/portalPublicoBusqueda.do?lang=gl
Estatal	Compilación de "Lexislación de menores" (Código BOE)	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/biblioteca_juridica/codigos/codigo.php?id=286_Legislacion_de_Menores&tipo=C&modo=2
Xeral	Identifica e facilita normativa internacional, estatal e leis galegas, todas consolidadas (textos actualizados), a texto completo	<ul style="list-style-type: none"> • https://www.boe.es/buscar/legislacion.php
Xeral	Facilita normativa internacional e estatal	<ul style="list-style-type: none"> • https://observatoriodelainfancia.mdsocialesa2030.gob.es/infanciaEspana/contexto/marcoLegal.htm

⁵ Pero non incorpora as posibles derogacións por inconstitucionalidade das normas, como ten acontecido cos artigos 27 a 41 da LDCG, declarados inconstitucionais pola Sentenza do Pleno do Tribunal Constitucional 133/2017, do 16 de novembro de 2017 (<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2017-15178>), malia o cal non se indica nada no texto, e aparece como vixente.



**CONCEPTOS
XURÍDICOS
BÁSICOS NA
PROTECCIÓN Á
INFANCIA E Á
ADOLESCENCIA**



3.1 Unha persoa menor de idade (menor)

A) Concepto

- Chamaremos unha persoa menor de idade (“menor”, nalgúns textos xurídicos internacionais, españois e galegos) a toda persoa física dende o momento do seu nacemento ata o da súa maioría de idade (artigo 1 CDN).
- E entendéndose na lexislación galega:
 - por **infancia**, o período ata 12 anos, e
 - por **adolescencia**, dende a dita idade ata a maioría establecida por lei (artigo 37 LFam).

B) Efectos

- O efecto xurídico fundamental da situación de menor de idade é a limitación da capacidade de obrar legal, en correlación coas limitacións igualmente existentes nas capacidades físicas, intelectuais, afectivas ou outras.



Dereitos e obrigas.

As persoas menores de idade non están privadas de todo dereito e de toda obriga ata os 18 anos, senón que son titulares de dereitos e de obrigas conforme diferentes normativas e en diferentes tramos de idade; por exemplo, responder por delitos, consentir relacións sexuais, prestar consentimento médico en xeral e para atención psicolóxica en violencia de xénero en particular, prestar consentimento para efectos da protección dos seus datos persoais, abrir contas en redes sociais ou subir fotos ou vídeos á internet, ser testemuñas nun xuízo, ser informadas e escoitadas nas decisións que lles afecten, facer testamento, optar pola nacionalidade, emanciparse, pedir medidas de apoio para exercer a súa capacidade xurídica -se son persoas menores de idade con discapacidade-, traballar ou pagar impostos -por exemplo do traballo ou dunha herdanza-, entre outras⁶.

⁶ En termos moi coloquiais, ver <https://blog.escura.com/que-puede-hacer-legalmente-un-menor/>

C) Duración

- A situación de menor de idade e as diversas limitacións derivadas desta mantéñense ata a maioría de idade, que é:
 - 18 anos para o caso de persoas menores de idade de nacionalidade española (artigos 12 da Constitución española, 240 CC e 1 LOPXM)⁷.
 - A idade que dispoña a lei persoal (que é a determinada pola súa nacionalidade), para o caso de persoas menores de idade de nacionalidade diferente á española (artigo 9.1 CC), que poderá ser inferior ou superior aos 18 anos.
 - E para todo caso, e para os efectos da CDN, enténdese por unha persoa menor de idade (menor) a todo ser humano menor de 18 anos a non ser que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, teña alcanzado antes a maioría de idade (artigo 1 CDN).
 - Diante da dúbida, cando non poida ser establecida a maioría de idade dunha persoa, será considerada menor de idade para os efectos do previsto na LOPXM, en tanto se determina a súa idade (artigo 12.5 LOPXM).
- Excepcionalmente, tamén remata a situación e efectos da minoría de idade coa emancipación do ou da adolescente por concesión de quen exerza a patria potestade ou potestade paterna ou por concesión xudicial (artigo 239 CC).

⁷ **Isto non quita que, para determinados efectos, se poida considerar menor de idade a outras persoas, por normativa específica.** Por exemplo, en Galicia, na Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se convoca o procedemento de selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores nos centros para o cumprimento de medidas xudiciais privativas de liberdade do complexo Montealegre (Ourense), publicada no DOG do 15 de xaneiro de 2019, contense esta definición: "O termo «persoa menor» entenderase, no marco do disposto na LORPM así como na Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, como extensivo á totalidade daquelas persoas ás cales lles sexa aplicable algunha medida derivada da LORPM, independentemente de que alcanzasen ou non a maioría de idade no momento da execución, de acordo co uso que do dito termo se dá na antedita lei" (anexo I, primeiro, 1, parágrafo segundo). Ou, en Navarra, no marco da Lei foral 15/2016, do 11 de novembro, pola que se regulan os dereitos á inclusión social e á renda garantida, se asimilen a fillos ou fillas menores de idade, para efectos fiscais, "os descendentes daquelas persoas que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 50.1 do Decreto foral 7/2009, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei foral 15/2005, do 5 de decembro, de promoción, atención e protección á infancia e á adolescencia, conveñan libremente a continuación da convivencia con quen os acolleu ata a súa maioría de idade ou emancipación" (disposición derradeira quinta, dous).

3.2 Patria potestade ou potestade paterna

A) Concepto

- Os fillos e fillas non emancipados están baixo a potestade ou potestade paterna (en adiante, no resto do documento, PP) do/s seu/s proxenitor/es ou da/s súa/s proxenitora/s (artigo 154 CC).
- O contido da relación parentofilial aparece claramente determinado no artigo 39.3 da Constitución española cando afirma que “os pais deben prestar asistencia de toda orde aos fillos habidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos nos que legalmente proceda”.

B) Efectos

- A PP exercerase sempre en beneficio dos fillos e fillas, de acordo coa súa personalidade, e abrangue os seguintes deberes e facultades (artigo 154 CC):
 - **Persoais ou de garda:** velar polos fillos, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral⁸
 - **Patrimoniais:** representalos e administrar os seus bens, coas excepcións previstas no artigo 162 CC.
 - Especificamente, decidir o lugar de **residencia habitual da persoa menor** de idade, que só poderá ser modificado co consentimento de ambos os proxenitores ou, na súa falta, por autorización xudicial.
- Pola súa banda, os fillos e as fillas suxeitos e suxeitas á PP teñen os seguintes deberes (artigo 155 CC):
 - **Obrigas persoais:** obedecer os seus pais mentres permanezan baixo a súa potestade, e respectalos sempre.
 - **Obrigas patrimoniais:** contribuír equitativamente, segundo as súas posibilidades, ao levantamento das cargas da familia mentres convivan con ela.
- Especificamente a normativa galega engade (artigo 45 LFam):
 - Asumir e cumprir os deberes, as obrigas e as responsabilidades que deriven da titularidade e do exercicio dos seus dereitos, de modo que se garanta o exercicio e o pleno gozo dos dereitos das demais persoas.
 - Manter un comportamento cívico acorde coas esixencias de convivencia da sociedade, baseadas na tolerancia e no respecto dos dereitos de todas as persoas.

⁸ Mantense o masculino xenérico por ser esa a redacción do CC.



- Respectar os seus pais, nais, titores, titoras, gardadores ou gardadoras, e obedecelas ou obedecelas cando estes e estas actúen no exercicio dos seus deberes e responsabilidades parentais e mais contribuír ao desenvolvemento da vida familiar colaborando nas actividades domésticas sen distinción de sexo conforme a súa idade, madurez e circunstancias.
- E o resto de **deberes xerais** por seren menores de idade (artigos 9 a 9 quinquies LOPXM).
- A PP exercerase **conxuntamente** por ambos/as proxenitores/as ou por un/unha co consentimento do/da outro/a (artigo 156), agás situacións especiais:
 - **Decidida por resolución xudicial**, para o caso de **desacordo** entre os/as proxenitores/as, e tamén para os casos de nulidade, divorcio ou separación (artigos 90 e ss. CC)⁹.
 - **Atribuída en exclusiva** total ou parcialmente a un/unha proxenitor/a por un prazo máximo de 2 anos: cando eses desacordos fosen reiterados ou concorrese calquera outra causa que entorpeza gravemente o exercicio da PP, e tamén para os casos de nulidade, divorcio ou separación (artigos 90 e ss. CC).
 - **Distribuída** entre ambos/as proxenitores por un prazo máximo de 2 anos: no mesmo suposto anterior¹⁰.
 - **Exclusiva**, cando só hai un/unha proxenitor/a e para os casos de ausencia ou imposibilidade dun/dunha proxenitor/a.
 - **Asistida**, cando quen exerza a PP sexa tamén unha persoa menor de idade non emancipada, exercéndose entón a PP sobre o bebé ou a bebé coa asistencia do seu avó e da súa avoa e, na falta de ambos os dous, do/a titor/a da titular da PP e, para os casos de desacordo ou imposibilidade, coa asistencia do xulgado directamente (artigo 157 CC).

9 “Se os proxenitores viven separados, a patria potestade exerceraa aquel con quen o fillo conviva. Con todo, a autoridade xudicial, por solicitude fundada do outro proxenitor, poderá, en interese do fillo, atribuír ao solicitante a patria potestade para que a exerza conxuntamente co outro proxenitor ou distribuír entre ambos as funcións inherentes ao seu exercicio” (mesmo artigo 156 CC, parágrafo final).

10 Pero tanto, neste caso como no anterior, “respecto de terceiros de boa fe, presumirase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade co consentimento do outro” (mesmo artigo 156 CC).



Violencia de xénero.

“Ditada unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade, ou por atentar contra o outro proxenitor, abondará co consentimento deste para a atención e asistencia psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, debendo o primeiro ser informado previamente. O anterior será igualmente aplicable, aínda que non se interpuxo denuncia previa, cando a muller estea a recibir asistencia nun servizo especializado de violencia de xénero, sempre que medie informe emitido polo devandito servizo que acredite a dita situación. Se a asistencia houberse que prestala aos fillos e fillas maiores de dezaseis anos precisárase en todo caso o consentimento expreso destes” (artigo 156 CC)¹¹.

C) Duración

- A PP ten duración indefinida ata a **maioría de idade** da persoa menor de idade e remata (artigo 169 CC):
 - Pola morte ou a declaración de falecemento dos pais ou do fillo.
 - Pola emancipación.
 - Pola adopción do fillo.
- Pero non se pode exercer a PP en dúas situacións excepcionais:
 - **PP suspendida:** cando a entidade pública que ten encomendada a protección das persoas menores de idade constata que unha persoa menor de idade se atopa nunha situación de desamparo e, en consecuencia, automaticamente asume a súa tutela por ministerio da lei (artigos 172.1 CC, 54 LFam, 9 LDCG e 40 D 42/2000).
 - **PP privada** total ou parcialmente, por sentenza fundada no incumprimento dos deberes inherentes a esta ou ditada en causa criminal ou matrimonial (artigo 170 CC), e sen prexuízo de poder recuperarse no futuro cando tivese cesado a causa que motivou a privación.

¹¹ Así e todo, está formulado contra esta regulación recurso de inconstitucionalidade n.º 5570-2021, BOE do 16 de outubro de 2021, https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2021-16802, polo cal podería mudar esa regulación en función da resolución xudicial.

PP prorrogada e PP rehabilitada.

Estas dúas fórmulas excepcionais de PP non existen dende o día 3 de setembro de 2021, pola entrada en vigor da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Empregábanse como fórmulas xurídicas de protección para persoas con declaración xudicial de incapacitación, declaración esta que tamén desaparece dende ese mesmo día¹². Así e todo, quen exerza a PP prorrogada ou rehabilitada continuará exercéndoa ata que se produza a revisión das resolucións xudiciais, para o cal se prevé un prazo máximo de 3 anos, é dicir: a) non poderá haber novas PP prorrogadas ou rehabilitadas, e b) extinguiríanse todas as existentes como máximo o 3 de setembro de 2024.

Documentación.

Á vista da cada vez máis variada realidade de situacións excepcionais relacionadas coa PP, considérase unha boa praxe documentar a situación da PP dende o momento inicial por medio de a) certificación literal de nacemento da persoa menor de idade, b) declaración responsable de quen exerza a súa PP en relación coa situación da PP e c), se é o caso, coa documentación acreditativa desa situación (en particular, resolucións xudiciais), ben por achega dos/das proxenitores/as, ben por requirimento ás autoridades xudiciais correspondentes.

12 De acordo co seu preámbulo, III, “elimínanse do ámbito da discapacidade non só a tutela, senón tamén a patria potestade prorrogada e a patria potestade rehabilitada, figuras demasiado ríxidas e pouco adaptadas ao sistema de promoción da autonomía das persoas adultas con discapacidade que agora se propón. Neste sentido, convén lembrar que as novas concepcións sobre a autonomía das persoas con discapacidade poñen en dúbida que os proxenitores sexan sempre as persoas máis adecuadas para favorecer que o fillo adulto con discapacidade logre adquirir o maior grao de independencia posible e se prepare para vivir no futuro sen a presenza dos seus proxenitores, dada a previsible supervivencia do fillo, ao que se engade que cando os proxenitores se fan maiores, ás veces esa patria potestade prorrogada ou rehabilitada pode converterse nunha carga demasiado gravosa. É por iso que, na nova regulación, cando o menor con discapacidade chegue á maioría de idade prestaránselle os apoios que necesite do mesmo xeito e polo mesmo medio que a calquera adulto que os requira” (segue a respectarse o masculino xenérico tamén empregado nesta norma).

3.3 Situación de risco

A) Concepto

- Legalmente, é calquera situación que prexudique o desenvolvemento, benestar ou dereitos da persoa menor de idade, pero cunha levidade que non esixa a asunción da tutela por ministerio da lei ou tutela administrativa:
 - “Considerarase situación de risco aquela na que, por mor de circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, a persoa menor de idade se vexa prexudicada no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos de forma que, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo e a asunción da tutela por ministerio da lei, sexa precisa a intervención da Administración pública competente, para eliminar, reducir ou compensar as dificultades ou inadaptación que lle afectan e evitar o seu desamparo e exclusión social, sen ter que ser separado da súa contorna familiar” (artigo 17 LOPXM).
 - “Consonte o disposto no artigo 26 da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia, considérase situación de risco a que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que prexudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo e que permita razoablemente temer que no futuro poida estar incurso nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social” (artigo 48.3 LFam, e o citado artigo 26 LDGC).
 - “Enténdese por situación de risco aquela en que poida atoparse o menor cando, a causa das súas circunstancias persoais, familiares ou por influencias do seu contorno, se estea prexudicando o seu desenvolvemento persoal ou social, sen acadar a gravidade suficiente para xustificar a declaración de desamparo e a separación do menor da súa familia. Nas situacións de risco, a actuación administrativa dirixirase a procurar as necesidades básicas do menor, mellorando o seu medio familiar e eliminando os factores de risco” (artigo 27.2 D 42/2000).
- Detállanse indicadores de risco e situacións concretas que se consideran constitutivas de risco nos artigos 17.2 LOPXM e 49 LFam, respectivamente.
- Para todo caso, a negativa dos proxenitores, titores, gardadores ou acolletores a prestar o consentimento respecto dos tratamentos médicos necesarios para salvagardar a vida ou integridade física ou psíquica dunha persoa menor de idade suporá unha situación de risco (artigo 17.10 LOPXM).
- Especificamente, entenderase por situación de risco prenatal a falta de coidado físico da muller xestante ou o consumo abusivo de substancias con potencial de crear adicción, así como calquera outra acción propia da muller ou de terceiros tolerada por esta que prexudique o normal desenvolvemento ou poida provocar enfermidades ou anomalías físicas, mentais ou sensoriais ao recentemente nado. Os servizos de saúde e o persoal sanitario deberán notificar esta situación á Administración pública competente, así como



ao Ministerio Fiscal. Logo do nacemento, manterase a intervención co menor e a súa unidade familiar para que, se fose necesario, se declare a situación de risco ou desamparo do menor para a súa adecuada protección (art. 17.9 LOPXM).

Que é a situación de risco, legalmente?.

Estas 3 definicións legais correspóndense con 4 normas en vigor, de diferente rango legal e ámbito (lei estatal -ordinaria neste punto concreto-, lei autonómica e decreto autonómico) e de diferente data de redacción (2021, 2016, 2011 e 2000). Non son definicións incompatibles, máis ben son, no fondo, reformulacións dunha mesma idea xeral. No entanto non se derroguen ou adapten e coordinen as diferentes normativas, aconséllase integrar as 3 definicións e, para o caso de dúbida, en Galicia utilizar a primeira, por a) ser a máis recente, b) a máis consensuada no senso de ser de ámbito estatal e, sobre todo, c) a utilizada polo Valora-Galicia, instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil nos servizos sociais especializados en protección de menores na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, Valora-Galicia), nas súas páxinas 21 e 172).

B) Efectos

- En síntese, obriga os poderes públicos a:
 - **Garantir** para todo caso os dereitos da persoa menor de idade.
 - **Diminuír** os factores de risco e dificultade social.
 - **Promover** os factores de protección da persoa menor de idade e mais da súa familia.
 - **Realizar o seguimento** da evolución da persoa menor de idade na súa familia.
- Polo miúdo, obríganse os poderes públicos a actuar en xeral orientándose á prevención do desamparo e á reparación da situación de risco (artigo 26.2 LDCEG) e a mera avaliación dunha situación de risco implicará a elaboración e posta en marcha dun proxecto de intervención social e educativo familiar que deberá recoller os obxectivos, actuacións, recursos e previsión de prazos, promovendo os factores de protección do menor e mantendo este no seu medio familiar nas demais condicións indicadas no artigo 17.3 LOPXM).
- Correspóndelles ás entidades locais, no marco do disposto na lexislación estatal e autonómica reguladora do réxime local e dos servizos sociais, a detección, a valoración e a intervención nas situacións de risco de calquera índole e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración (pública e/ou privada) (artigo 50.1 LFam, e en

similares termos o artigo 27.1 D 42/2000, ademais da correlativa normativa en materia de servizos sociais¹³ e en materia municipal¹⁴).

- O procedemento para a valoración do risco, así como as actuacións que se deberán levar a cabo desenvolveranse regulamentariamente¹⁵, garantindo, en todo caso, a audiencia (...)(artigo 50.2 LFam).
- E precisará unha resolución administrativa motivada e contra a cal se poderá interpoñer recurso conforme a Lei de axuízamento civil (artigo 17.6 LOPXM).
- A intervención poderá pasar logo á entidade pública ou ao Ministerio Fiscal, co seguinte procedemento:
 - Especificamente nos supostos de risco prenatal, a Administración pública competente para intervir na situación de risco adoptará, en colaboración cos servizos de saúde correspondentes, as medidas adecuadas de prevención, intervención e seguimento, das situacións de posible risco prenatal, para os efectos de evitar con posterioridade unha eventual declaración de situación de risco ou desamparo da persoa recentemente nacida (artigo 17.9 LOPXM).
 - Ademais, en xeral, deberán levarse a termo as políticas de prevención e apoio á familia previstas con carácter xeral nos artigos 46 e 47 LFam e 30 e 31 D 42/2000¹⁶.



Tipos de risco e competencias.

Legalmente, non existen definicións con subtipos de risco. Tecnicamente, poden establecerse tantos subtipos de risco como se queira, sendo un estándar subcualificado como leve, moderado ou grave, como así fai o Valora-Galicia. O legal e o técnico complementáanse. Así e todo, para efectos legais, as competencias coa normativa actual só están divididas en función de ser situación de risco (en Galicia, Administración local) ou de desamparo (entidade pública, en Galicia, Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude), e non en función de ser un ou outro tipo ou intensidade de risco.

13 En concreto, na normativa de servizos sociais, o D 99/2012, en particular os artigos 19, letras d) e e) e 20.1, en relación especificamente co servizo de educación e apoio familiar municipal, e artigo 26, letra h), en relación coas funcións dos servizos sociais comunitarios específicos: (...) “h) A atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social, mediante equipamentos e programas orientados a atención psicosocial, intervención socioeducativa, actividades de tempo libre, promoción de hábitos saudables, formación en habilidades sociais ou outros que contribúan á súa integración familiar e comunitaria”.

14 Na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 25.2, letras e) e o), 26.1.c (para concellos con máis de 20.000 habitantes) e 27.3.c, se é o caso.

15 Un exemplo recente dun concello grande -aínda que non galego, non constando regulación municipal neste senso neste momento-, o regulamento polo que se regula o procedemento para a declaración de risco de menores residentes no municipio de Sevilla, aprobado o 21 de maio de 2021 (BOP de Sevilla do 15 de xuño de 2021).

16 Sobre as políticas públicas de infancia e adolescencia en Galicia, e outros aspectos, en concreto participación infantil e o dereito a ser escoitado/a, atención temperá, pobreza infantil, violencia contra a infancia, contorno familiar e modalidades alternativas de coidado, saúde, educación, dereito ao ocio e ao tempo libre e tratamento nos medios de comunicación, ver Os dereitos da infancia en Galicia, da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, de novembro de 2021.

C) Duración

- Por ser unha situación de feito, o risco mantense en tanto se manteñan as circunstancias que de feito o causan.
 - De eliminarse a situación de feito, remata o risco.
 - De manterse a situación:
 - durante a intervención, esixe revisión continuada porque calquera medida de protección non permanente que se adopte deberá revisarse (artigo 12.6 LOPXM):
 - respecto de menores de 3 anos, cada 3 meses
 - respecto de maiores de 3 anos, cada 6 meses
 - De pecharse, sen resultados positivos, hai un réxime especial (artigos 17.8 LOPXM e 27.2 D 42/2000).
 - Nos supostos en que a Administración pública competente para apreciar e intervir na situación de risco estime que existe una situación de desprotección que pode requirir a separación do menor do seu ámbito familiar ou cando, concluído o período previsto no proxecto de intervención ou convenio, non se conseguiron cambios no desempeño dos deberes de garda que garantan que o menor conta coa necesaria asistencia moral ou material, porao en coñecemento da entidade pública a fin de que valore a procedencia de declarar a situación de desamparo, comunicándoo ao Ministerio Fiscal.
 - Cando a entidade pública considere que non procede declarar a situación de desamparo, a pesar da proposta en tal sentido formulada pola Administración pública competente para apreciar a situación de risco, porao en coñecemento da Administración pública que interveña na situación de risco e do Ministerio Fiscal.
 - Este último fará una supervisión da situación do menor, e para iso poderá solicitar a colaboración dos centros escolares e dos servizos sociais, sanitarios ou calquera outro.

“Llegar a tiempo”.

Llegar a tiempo. Niños, niñas y adolescentes en situación de riesgo en España recolle unha recente investigación realizada por Espirales Consultoría de Infancia para Aldeas Infantiles SOS de España publicada en setembro de 2020, cos obxectivos declarados de a) Estimar o número de declaracións de risco e desamparo en España. b) Pescudar os motivos de alta e cesamento das declaracións de risco e desamparo que se establecen nas distintas comunidades autónomas en España. Dentro deste obxectivo, achar cantas declaracións de risco derivan en declaración de desamparo e cantas cesan por outros motivos. c) Identificar os recursos dispoñibles para a intervención con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco nos municipios seleccionados para a investigación, con especial atención aos programas de fortalecemento familiar e/ou parentalidade positiva. Efectúa unha ampla análise do marco legislativo do risco (páxinas 12 a 44). E contén claves sobre a intervención con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco (páxinas 68 e ss.). Ver <https://www.aldeasinfantiles.es/llegar-a-tiempo>

3.4 Situación de desamparo

A) Concepto

- Legalmente, considérase como situación de desamparo a que se produce de feito a causa do incumprimento ou do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos e das menores, cando queden privados da necesaria asistencia moral ou material (artigos 172.1, p.2 CC, 18.2 LOPXM, 7 LDCG e 48.4 LFam).
- Detállanse situacións concretas que se consideran constitutivas de desamparo nos artigos 18.2 LOPXM, 52 LFam e 33.2 D 42/2000.

B) Efectos

- De acordo cos artigos 172.1 CC, 18 e 19 bis LOPXM, 9 LDGC, 53 e 61 LFam e 32 e 40 D 42/2000, os efectos son:
 - A declaración de desamparo.
 - Correlativamente, a asunción da tutela por ministerio da lei ou tutela administrativa, o cal significa a suspensión da PP ou da tutela ordinaria¹⁷.
 - Asemade, a adopción das medidas de protección precisas, de acordo co artigo 10 LDCG, concordante co artigo 55 LFam:
 - A reinserción da persoa menor de idade no propio núcleo familiar no que se producise o desamparo, cando isto sexa posible e o interese daquela o aconselle (ou apoio á familia, na denominación da LFam, desenvolvido nos artigos 59 e 60 LFam).
 - A constitución da tutela ordinaria, nos casos en que sexa conveniente para o interese da persoa menor de idade (artigo 63 LFam).
 - A adopción, cando non sexa conveniente a reinserción da persoa menor de idade (artigos 73 a 79 LFam).
 - A declaración de incapacidade da persoa menor de idade estaría substituída actualmente pola solicitude das medidas de apoio precisas seguindo as pautas xerais fixadas pola Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio a persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica¹⁸, sendo un exemplo de actuación específica para cando hai dificultades específicas (artigos 94 e 95 LFam).

17 “Malia o anterior, serán válidos os actos de contido patrimonial que realicen os pais ou titores en representación da persoa menor e que sexan beneficiosos para ela”, de acordo co artigo 9.2 LDCG e 172.1 CC.

18 Resulta especialmente útil a Guía en 100 preguntas para trabaxadores, familias e usuarios, María Jesús Germán Urdiola y José Fernández Iglesias, Fórum de Entidades Aragonesas de Salud Mental, setembro 2021, dispoñible en <https://www.fadesaludmental.es/biblioteca/223-novedades-de-la-ley-8-2021-para-personas-con-problemas-de-salud-mental.html>

- De non ser posible a reinserción da persoa menor na súa propia familia ou de se constituír a tutela ordinaria ou a adopción, correspóndelle á entidade pública a garda da persoa menor, que se exercerá por medio do acollemento (artigos 64 a 72 LFam).
- Prevense medidas específicas para situacións de conflito social (artigo 55, e artigos 80 a 93 LFam), de maneira que as persoas ás que se refire o artigo 3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, de responsabilidade penal dos menores (en adiante, LORPM), serán incluídas nun plan de seguimento que valore a súa situación sociofamiliar, deseñado e realizado polos servizos sociais competentes (artigo. 17 bis LOPXM):
 - Responsabilidade das persoas maiores de 14 anos e menores de 18 pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou nas leis penais especiais (artigo 1 LORPM).
 - Menor de 14 anos: non se lle esixirá responsabilidade conforme esta lei senón que se lle aplicará o disposto nas normas sobre protección de menores previstas no Código Civil e demais disposicións vixentes (artigo 3 LORPM).
- Para todos os casos, estas medidas darán lugar a:
 - En xeral, un plan individualizado de protección que establecerá os obxectivos, a previsión e o prazo das medidas de intervención que deberán adoptar coa súa familia de orixe, mesmo, para o seu caso, o programa de reintegración familiar (cando se preveña a posibilidade de retorno á súa familia de orixe) (artigos 19.bis.1 e 3 LOPXM).
 - Para o caso de persoas con discapacidade, garantir a continuidade dos apoios que viñese recibindo ou a adopción doutros máis acaídos ás súas necesidades (tamén, artigo 42 D 42/2000).
 - Para embarazadas, asesoramento e apoio e protección á persoa recentemente nacida (art. 19.bis.6 LOPXM).
 - Cando a persoa menor de idade se atope baixo a PP, tutela, garda ou acollemento dunha vítima de violencia de xénero ou doméstica, as actuacións dos poderes públicos estarán encamiñadas a garantir o apoio necesario para procurar a permanencia das persoas menores, con independencia da súa idade, con aquela, así como a súa protección, atención especializada e recuperación (artigo 12.3 LOPXM).
- Para todas as actuacións, seguimento como na situación de risco (artigo 12.6 LOPXM):
 - respecto de menores de 3 anos, cada 3 meses
 - respecto de maiores de 3 anos, cada 6 meses, e
 - ademais, a entidade pública remitirá ao Ministerio Fiscal informe xustificativo da situación dunha determinada persoa menor de idade, cando esta se atope en acollemento residencial ou acollemento familiar temporal durante un período superior a dous anos, e deberá xustificar á entidade pública as causas polas que non se adoptou una medida protectora de carácter máis estable nese intervalo (artigo 12.7 LOPXM).
- E para os casos de retorno coa familia de orixe (artigo 19.bis.3 LOPXM):
 - **Antes:** evolución positiva obxectivamente suficiente da familia de orixe para restablecer a convivencia familiar, que se mantiveron os vínculos, que concorra o propósito de desempeñar as responsabilidades parentais adecuadamente e que se constatare que o retorno con ela non supón riscos relevantes para o menor a través do correspondente informe técnico.

- **Despois:** seguimento posterior de apoio (artigo 19 bis 4 LOPXM).
- **Avaliar familia acollidora:** avaliar retorno, tempo transcorrido e a integración na familia de acollida e a súa contorna, así como o desenvolvemento de vínculos afectivos con esta (art. 19 bis 3 LOPXM).
- Tamén poderá establecer a entidade pública a cantidade que deben aboar os/as proxenitores/as ou titores/as para contribuír, en concepto de alimentos e en función das súas posibilidades, aos gastos derivados do coidado e atención da persoa menor de idade, así como os derivados da responsabilidade civil que puidese imputarse a esta por actos realizados por ela (artigo 172.ter.4 CC).

C) Duración

- Por ser unha situación de feito, o desamparo dura en tanto se manteñan as circunstancias que o ocasionaron.
- A entidade pública, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal ou de persoa ou entidade interesada, poderá revogar a declaración de situación de desamparo e decidir o retorno do menor coa súa familia, sempre que se entenda que é o máis adecuado para o seu interese (artigos 172.3 CC e 62.a LFam).
- Excepcionalmente, por traslados ou desaparicións (artigos 172.5 CC, 18.4 LOPXM e 62.b LFam).

D) Procedemento para a declaración de desamparo e asunción da tutela administrativa ou por ministerio da lei

- **Fontes básicas:** artigos 172 CC, 12 e 18 LOPXM, 54 e 58 LFam, 8 LDCG e 32 e ss. D 42/2000).
- **Quen** pode acordar o desamparo e a asunción da tutela administrativa ou por ministerio da lei: a Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude que corresponda ao domicilio da persoa menor de idade ou ao lugar onde se atope transitoriamente, como entidade pública á cal está encomendada a protección á infancia e á adolescencia (artigos 172.1 CC e 26.1 e 32 e seguintes D 42/2000).
- **A quen** pode declararse en desamparo: as persoas menores de idade que residan ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (artigos 172.1 CC, 5 LDCG e 26.1 e 32 e seguintes D 42/2000).
- **Como: procedemento xeral:**
 - **Incoación do expediente** (artigo 33 D 42/2000), tan axiña como se teña constancia por calquera medio da existencia dunha persoa menor de idade que puidese estar en situación de desamparo



- **Tramitación:**
 - investigación e avaliación da situación (artigo 34 D 42/2000), por parte dos equipos técnicos da xefatura territorial correspondente, que informan con carácter preceptivo e non vinculante (artigos 26.2 e 4, e 32.4 D 42/2000, en relación co artigo 54.2 LFam).
 - audiencia á persoa menor de idade e aos pais, tutores ou gardadores (artigos 9 LOPXM e 35 D 42/2000), con posibilidade de achegar cantos informes e documentos coiden convenientes¹⁹
 - informe e proposta da actuación (artigo 36 D 42/2000), elaborada polos equipos técnicos e elevada á xefatura territorial
- **Resolución** (artigo 37 D 42/2000) da xefatura territorial declarando (ou non) o desamparo e asumindo a tutela administrativa ou por ministerio da lei, que será motivada e nela faranse constar as medidas de protección que se adoptarán que sexan máis adecuadas aos intereses da persoa menor de idade, así como:
 - As causas que a orixinaron.
 - Os plans de actuación que se efectuaron.
 - As medidas que se adopten.
 - O dereito a presentar recurso contra ela perante a autoridade xudicial competente sen necesidade de reclamación administrativa previa (artigos 8.4 LDCG e 37.1 D 42/2000).
- **Como: procedemento de urxencia:** para o caso de urxencia con grave risco para a persoa menor de idade, a declaración do desamparo e asunción da tutela administrativa ou por ministerio da lei poderá facerse de modo inmediato (artigo 14.bis LOPXM e 54.1 LFam), adoptando tamén as medidas de protección adecuadas, sen prexuízo de que con posterioridade e no menor prazo de tempo posible se notifique axeitadamente e se lle dea cumprimento ao trámite de audiencia ás persoas interesadas (artigo 37.3 D 42/2000).
- **Notificación:** para todos os casos, a resolución deberá (artigos 172.1 CC e 37.2 D 42/2000):
 - Poñerse en coñecemento do Ministerio Fiscal.
 - Notificárselle en forma legal aos pais, tutores, gardadores ou familiares que ultimamente convivisen coa persoa menor de idade nun prazo de 48 horas e, sempre que sexa posible, informándoos de forma presencial, clara e comprensible das causas que deron lugar á intervención da Administración e dos posibles efectos da decisión adoptada.

19 Como lembra o *Valora-Galicia*, combinando aspectos legais e técnicos, "Así mesmo, será necesario neste tipo de intervencións, aínda que os pais e as nais non teñan a garda e custodia dos fillos ou fillas e con independencia do seu grao de colaboración ou oposición, respectar os dereitos que os asisten como titulares da patria potestade e como cidadáns e cidadás a ser informados das actuacións levadas a cabo e previstas, a ser oídos e a que se teña en conta a súa opinión e a opoñerse ás intervencións e medidas en vía xudicial, entre outros dereitos. Iso de conformidade co artigo 154 do Código civil (na redacción dada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, no que respecta á regulación da patria potestade) e co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (no que respecta á regulación dos dereitos dos cidadáns e cidadás nas súas relacións coas administracións)" (páxina 50).

- Notificárselle en forma legal á persoa menor afectada se tivese suficiente madurez e, en todo caso, se for maior de 12 anos²⁰.
 - Respecto de persoas menores de idade que cheguen soas a España, as entidades públicas comunicarán a adopción de medida de tutela ou garda ao Ministerio do Interior, para os efectos de inscrición no Rexistro Estatal correspondente (artigo 12.4 LOPXM).
- **Recurso:**
 - **2 meses:** pode impugnarse a declaración de desamparo e a asunción da tutela ante a xurisdición civil e sen necesidade de reclamación administrativa previa (artigos 8.4 LDCG e 779 e ss. da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil), pero o recurso xudicial non suspenderá a resolución da Xefatura Territorial, salvo decisión expresa nese sentido por parte do xulgado.
 - **2 anos:** poderán solicitar á entidade pública que cese a suspensión e quede revogada a declaración de situación de desamparo do menor se, por cambio das circunstancias que a motivaron, entenden que se atopan en condicións de asumir novamente a PP ou a tutela, e poderán opoñerse ás decisións que se adopten respecto da protección da persoa menor de idade
 - **Como se executa** a declaración de desamparo e a asunción da tutela:
 - **En xeral**, os pais ou gardadores disporán dun prazo de 2 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación, para facer entrega voluntaria da persoa menor de idade, ben no centro de acollida residencial ou ben nos servizos de atención á infancia e á adolescencia (artigo 37.2 D 42/2000).
 - **Para o caso de urxencia con grave risco para a persoa menor de idade**, poderase actuar de modo inmediato e, en particular, se existe unha situación que implique a vulneración de dereitos fundamentais das persoas ou se están en perigo a vida ou a integridade física da persoa menor de idade (artigos 14.bis LOPXM, 54.1 LFam e 37.3 e 38 D 42/2000).
 - **Para o caso de oposición** dos pais, tutores ou gardadores, a Xefatura Territorial poderá presentar ante o xulgado de primeira instancia competente no lugar onde radique o seu domicilio solicitude de auxilio xudicial para facer efectiva a medida acordada, sen prexuízo da actuación inmediata antes indicada (artigo 38 D 42/2000, en relación actualmente co artigo 778.ter Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil)²¹.

20 "A información será clara, comprensible e en formato accesible, incluíndo as causas que deron lugar á intervención da Administración e os efectos da decisión adoptada, e no caso do menor, adaptada ao seu grao de madurez. Sempre que sexa posible, e especialmente no caso do menor, esta información facilitarase de forma presencial" (artigo 172.1 CC).

21 Sobre os requisitos e límites, é interesante <https://www.oscar-cano.com/entrada-urgente-en-domicilio-para-proteccion-del-menor/>, de 26 do setembro de 2021.

Dereito a ser oída e escoitada.

Ningún procedemento se pode facer conforme a lei sen oír e escoitar a persoa menor de idade. “Sen discriminación ningunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación en que estea afectado e que conduza a unha decisión que incida na súa esfera persoal, familiar ou social, téndose debidamente en conta as súas opinións, en función da súa idade e madurez. Para iso, o menor deberá recibir a información que lle permita o exercicio deste dereito nunha linguaxe comprensible, en formatos accesibles e adaptados ás súas circunstancias”. Este dereito da persoa e a correlativa obriga de órganos xudiciais e administrativos é tan intensa que “Sempre que en vía administrativa ou xudicial se denegue a comparecencia ou audiencia dos menores directamente ou por medio de persoa que os represente, a resolución será motivada no interese superior do menor e comunicada ao Ministerio Fiscal, ao menor e, de ser o caso, ao seu representante, indicando explicitamente os recursos existentes contra tal decisión. Nas resolucións sobre o fondo deberá facerse constar, de ser o caso, o resultado da audiencia ao menor, así como a súa valoración” (artigo 9 LOPXM). Este dereito recóllese tamén para as persoas con discapacidade (artigo 12.8 LOPXM).



3.5 Tutela por ministerio da lei (Tutela administrativa)

A) Concepto

- A situación de tutela administrativa prodúcese, por ministerio da lei, cando a Administración aprecia unha situación de desamparo dunha persoa menor de idade e adopta as medidas de protección precisas (artigos 172.1 e 199.1 CC, 18 LOPXM, 9 LDGC, 53 e 61 LFam e 32 e 40 D 42/2000).
- Por principio, debe entenderse como unha proposta transitoria, como situación provisoria e en tanto non exista outra alternativa.

B) Efectos

- Dende ese momento (artigos 172.1 CC, 54 LFam, 9 LDGC e 40 D 42/2000):
 - A PP mantéñena os pais, pero queda en suspenso.
 - Os deberes de garda e custodia asúmeos a Administración, que deberá cumprir todas as obrigas que como titora lle corresponden de acordo co establecido no Código civil.
- En cada Fiscalía debe existir un índice de tutelas de menores (artigo 23 LOPXM).

C) Duración

- A tutela administrativa cesa por (artigo 62 LFam):
 - **Resolución administrativa** ditada como consecuencia do cesamento das circunstancias que motivaron a medida.
 - **Resolución administrativa** ditada con ocasión do traslado a outra entidade de protección.
 - **Resolución xudicial** firme que constitúa a adopción ou a tutela ordinaria ou que acorde o cesamento da situación de desamparo.
 - **Imposibilidade sobrevida do seu exercicio**, motivada pola imposibilidade de localización da persoa tutelada por parte das autoridades competentes e atendidas as circunstancias do caso.
- E tamén cesa polo resto de causas xerais de extinción da tutela previstas no artigo 231 CC, que se repasan no punto 3.6 desta guía (tutela ordinaria).



D) Procedemento para a declaración de desamparo e asunción da tutela administrativa ou por ministerio da lei

- Debe ditarse sempre unha resolución expresa conforme o mesmo procedemento xa explicado para a declaración de desamparo.

3.6 Tutela ordinaria (tutela xudicial)

A) Concepto

- A situación de tutela ordinaria prodúcese cando así sexa acordada por resolución dos xulgados, única e exclusivamente nun suposto: persoas menores de idade non emancipadas non suxeitas a PP (artigo 199.2 CC).

Da tutela administrativa á tutela ordinaria.

Nalgunhas comunidades autónomas prevese, dentro do exercicio da tutela pola entidade pública, a promoción do nomeamento xudicial de titor/a conforme o Código civil, cando existan persoas que polas súas relacións coa persoa menor de idade ou por outras circunstancias poidan asumir a tutela ordinaria con beneficio para esta: así se establece, por exemplo, en Asturias (L Asturias 1/1995 artigo 38); Aragón (L Aragón 12/2001 artigo 63); Canarias (L Canarias 1/1997 artigo 54); Madrid (L Madrid 6/1995 artigo 56.1.d); ou Murcia (L Murcia 3/1995 artigo 26)²².

B) Efectos

- As funcións tutelares constitúen un deber. Exerceranse en beneficio da persoa menor de idade tutelada, no seu interese e de acordo coa súa personalidade e con respecto aos seus dereitos (artigo 227 CC) e estarán baixo a salvagarda da autoridade xudicial (artigo 200 CC) e baixo a vixilancia do Ministerio Fiscal, que actuará de oficio ou por instancia da persoa menor de idade ou de calquera interesado (artigo 209 CC). Poderán establecerse, ademais, medidas de vixilancia e control ou pedir información ao titor ou á titora (artigo 210 CC).

22 Enumeración a partir do *Memento Familia (Civil) 2020-2021*, ed. Francis Lefebvre, xullo 2020.

- O titor ou a titora teñan a obriga de velar pola persoa menor de idade tutelada e, en particular (artigo 228 CC):
 - De velar por ela e de procurarlle alimentos.
 - De educala e procurarlle unha formación integral.
 - De promover a súa mellor inserción na sociedade.
 - De administrar o patrimonio da tutelada coa dilixencia debida.
 - De informar a autoridade xudicial anualmente sobre a situación da tutelada e de renderlle conta anual da súa administración.
 - De ouvir a tutelada antes de adoptar decisións que lle afecten.

C) Duración

- **En xeral**, a tutela extínguese (artigo 231 CC):
 - Pola maioría de idade, emancipación ou concesión do beneficio da maioría de idade á persoa menor de idade.
 - Pola adopción da persoa menor de idade.
 - Por morte ou declaración de falecemento da persoa menor de idade.
 - Cando, téndose orixinado por privación ou suspensión da PP, a titular desta a recupere ou cando desapareza a causa que impedía ao ou á titular da PP exercitala de feito.
- Excepcionalmente, cando a xefatura territorial acorde a declaración de desamparo e asunción da tutela por ministerio da lei (tutela administrativa), quedará en suspenso a tutela ordinaria.

D) Procedemento para a constitución da tutela ordinaria

- É un procedemento xudicial que segue os artigos 43 e ss., e concordantes, da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria²³.

23 Esta é a lei que regula tamén os trámites para os procedementos para intervención xudicial en relación coa PP (artigos 85 e 86), para a garda de feito (artigo 52) e para a adopción (artigos 33 e ss.), entre outros contidos.

3.7 Garda

A) Concepto

- A situación de garda pódese producir por dúas vías (artigos 172.bis CC, 19 LOPXM, 11 a 13 LDCG, 64 a 67 LFam, e 43 a 49 D 42/2000):
 - Cando os/as proxenitores/as ou titores/as non poidan coidar dunha persoa menor de idade por circunstancias graves e transitorias e solicitan á entidade pública competente que asuma a súa garda (garda voluntaria).
 - Cando o xulgado o acorde para os casos legalmente previstos (garda legal), tales como, por exemplo, medidas de protección en procedementos criminais ou procedementos de nulidade, divorcio ou separación.

B) Efectos

- **Os pais manteñen intacta a PP** e conservan todos os deberes e facultades desta, ben que os deberes relacionados coa garda (é dicir: velar polos fillos e fillas, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral) quedan temporalmente encomendados á entidade pública.
- **A entidade pública** exercerá o coidado da persoa menor de idade (artigo 172.ter CC e 46 e 47 D) en réxime de:
 - **Acollemento familiar**, responsabilizándose entón a persoa ou persoas que determine a entidade pública.
 - **Acollemento residencial**, responsabilizándose entón o director ou directora do centro onde quede internada a persoa menor de idade.
- En todo caso, coa asunción da garda, buscarase sempre o interese da persoa menor de idade e procurarase, cando non sexa contrario a ese interese, a súa reinserción na propia familia e que a garda dos irmáns e das irmás se lle confíe á mesma institución ou persoa. Para tal efecto efectuarase unha intervención individualizada (artigo 65.2 LFam), polo cal será necesario o compromiso da familia de someterse, de ser o caso, á intervención profesional nos supostos de garda voluntaria (artigo 19.2 LOPXM).
- Procurarase fomentar ao máximo a relación da persoa menor de idade cos/coas proxenitores/as ou titores/as mediante as saídas ao seu domicilio, e favorecendo as visitas daqueles/as ao centro ou familia que estea exercendo a garda, ademais de tentar mantela o máis preto posible do seu contorno e atendendo en todo momento á súa reintegración na propia familia de orixe, e sempre que non lle resulte prexudicial á persoa menor de idade (artigos 65.4 LFam e 48 D 42/2000).
- Ademais, cando se acorde unha garda rogada por petición dos/as proxenitores/as ou titores/as, procurarase que se impliquen na atención á persoa menor de idade, e para tal efecto aqueles que dispoñan de medios deberán contribuír ao sostemento das cargas

derivadas do seu coidado, satisfacéndolle á Administración o prezo público que, en función das súas posibilidades, esta determine, ou asumíndoas directamente (artigo 66.2 LFam).

- Ademais, terá os efectos previstos polas disposicións comúns para a garda e a tutela (artigo 19.bis LOPXM):
 - A entidade pública elaborará un plan individualizado de protección que establecerá os obxectivos, a previsión e o prazo das medidas de intervención que se adoptarán coa súa familia de orixe, incluído, de ser o caso, o programa de reintegración familiar (cando do prognóstico se derive a posibilidade de retorno á familia de orixe, sen prexuízo do disposto na normativa relativa aos menores estranxeiros non acompañados), con especial apoio e asesoramento ás embarazadas.
 - Para o caso de tratarse dunha persoa menor de idade con discapacidade, a entidade pública garantirá a continuidade dos apoios que viñese recibindo ou a adopción doutros máis adecuados para as súas necesidades.
 - Para acordar o retorno á familia de orixe será imprescindible:
 - evolución positiva obxectivamente suficiente para restablecer a convivencia familiar
 - que se mantiveron os vínculos
 - que concorra o propósito de desempeñar as responsabilidades parentais adecuadamente e
 - que se constate que o retorno con ela non supón riscos relevantes para a persoa menor de idade a través do correspondente informe técnico
 - nos casos de acollemento familiar, deberá ponderarse, na toma de decisión sobre o retorno, o tempo transcorrido e a integración na familia de acollida e a súa contorna, así como o desenvolvemento de vínculos afectivos con ela.
 - Cando se proceda á reunificación familiar, a entidade pública realizará un seguimento posterior de apoio á familia da persoa menor de idade.

C) Duración

- A garda da ou do menor durará o tempo imprescindible en canto perduren as circunstancias que deron lugar á súa asunción (artigo 65.3 LFam).
- Para todo caso, a garda voluntaria terá unha duración máxima de **2 anos**, salvo que o interese superior da persoa menor de idade aconselle, por excepción, a prórroga da medida pola previsible reintegración familiar nun prazo breve de tempo (artigo 19 LOPXM).
- Transcorrido o prazo ou a prórroga, a persoa menor de idade deberá regresar cos/coas seus/súas proxenitores/as ou titores/as ou, se non se dan as circunstancias adecuadas para iso, ser declarada en situación legal de desamparo (artigo 172.bis CC).
- A situación transitoria da garda remata nos seguintes casos (artigo 67 LFam):
 - Cando a garda se exercite como función inherente á tutela administrativa, polas mesmas causas de cesamento desta, previstas no artigo 62 LFam.



- No caso de garda rogada, polas causas recollidas no artigo 13 LDCG (solicitude de quen a solicitou ou decisión administrativa).
- Por resolución xudicial no caso de que a garda fose disposta polo xulgado.
- Polo acceso á maioría de idade ou pola emancipación da persoa menor de idade.
- E tamén:
 - Cando o pidan os pais ou tutores e estean en situación de facerse responsables da persoa menor de idade.
 - Cando o decida a Administración ou o Xulgado por non considerar xustificado o mantemento da medida, deixando a persoa menor de idade sen ningunha medida de protección ou, pola contra, constituíndo unha tutela administrativa ou xudicial.
 - Cando o neno, nena ou adolescente ou as persoas a quen fose confiado en garda solicitasen a remoción por problemas graves de convivencia (49.2 D 42/2000).
 - Por circunstancias excepcionais como a morte do/da gardador/a ou da persoa menor de idade, ou a maioría de idade ou emancipación da persoa suxeita a garda.
- Calquera variación no exercicio da garda será fundamentada e deberalles ser notificada aos e ás responsables da persoa menor de idade e comunicada ao Ministerio Fiscal (artigos 172.bis CC, 65.6 LFam e 46.3 D 42/2000).

D) Procedementos para acordar a garda

- **Fontes básicas:** artigos 172.bis CC, 19 LOPXM, 11 a 13 LDCG, 64 a 67 LFam, e 43 a 49 D 42/2000.
- **Quen pode pedir** a garda da persoa menor de idade: ante a Xefatura Territorial, os pais, tutores ou gardadores; e ante o xulgado, en xeral calquera persoa con interese no asunto.
- **Quen pode acordar** a garda: a Xefatura Territorial do lugar onde se atope ou teña o domicilio a persoa menor de idade, atendendo a petición dos pais ou unha decisión xudicial.
- **Como** se acorda a garda para os casos de solicitude dos/das proxenitores/as ou tutores/as ou gardadores/as:
 - **Solicitude:** farase perante a Xefatura Territorial correspondente segundo o domicilio da persoa menor de idade ou ante os servizos sociais de atención primaria (artigo 44 D 42/2000).
 - **Tramitación** da solicitude:
 - investigación e audiencia (artigo 45.1 D 42/2000): a Xefatura Territorial iniciará o expediente recollendo as circunstancias graves concorrentes no caso, a audiencia á persoa menor de idade de máis de 12 anos e tamén ao de menos de 12 se tivese madurez dabondo, e recollendo igualmente o plan de traballo.

- informe e proposta (artigo 45.2 D 42/2000): os equipos técnicos avaliarán a solicitude e a documentación, formularán proposta de:
 - garda
 - outras medidas de apoio distintas á garda.
- **Resolución** (artigo 45.2, 45.3 e 46.1 D 42/2000): a xefatura territorial acordará:
 - outras medidas de apoio,
 - garda por medio de acollemento familiar ou residencial.
- **Notificación** (artigo 46.1 D 42/2000): ás interesadas, deixando constancia de que os/as proxenitores/as ou titores/as foron informados/as das responsabilidades que seguen mantendo respecto da persoa menor de idade, así como da maneira na que se vai exercer a medida.
- **Como** se acorda a garda para o caso de **decisión xudicial**: logo de rematado o procedemento no xulgado, sen máis trámite, procederase simplemente a dar cumprimento á resolución xudicial.
- **Recurso**:
 - Para o caso de **solicitude dos pais** ou titores, pódense dirixir ao xulgado correspondente.
 - Para o caso de **resolución xudicial**, poderá haber recurso xudicial en función do tipo de resolución e de procedemento no cal se teña ditado.
- **Como se executa**: polos medios previstos para executar un acollemento familiar ou residencial.
- **Como se modifica**: calquera variación no exercicio da garda, mesmo o traslado de centro ou de familia, será acordada de forma motivada logo de audiencia da persoa menor de idade, así como da familia, de ser o caso, e notificada aos e ás proxenitores/as ou titores/as, e así mesmo seralles comunicada ao Ministerio Fiscal, así como á autoridade xudicial cando a tivese acordada (artigos 12.4 LDCG e 65.6 LFam).

3.8 Garda con fins de adopción

- Esta figura especial de garda regulada no artigo 176 bis CC permite que poida iniciarse a convivencia provisional entre a persoa menor de idade e as persoas consideradas idóneas para a adopción, con anterioridade á presentación da proposta de adopción pola entidade pública competente e co fin de evitar que teña que permanecer durante ese tempo nun centro de protección ou con outra familia.
- Tamén cando, con anterioridade á presentación da proposta de adopción, aprecie a necesidade de fixar un período de adaptación da persoa menor de idade á familia das posibles adoptantes, debendo este período ser o máis breve posible e procurarse que non exceda dun ano (artigo 20.2 LDCG²⁴).
- Interven na garda con fins de adopción:
 - A persoa menor de idade deberá estar declarada en situación de desamparo.
 - As persoas gardadoras:
 - deberán reunir os requisitos de capacidade para adoptar previstos no artigo 175 CC, prestar o seu consentimento e ser preparadas, declaradas idóneas e asignadas para a súa adopción
 - terán os mesmos dereitos e obrigas que os/as acolletores/as familiares
 - A entidade pública deberá ditar resolución administrativa debidamente motivada, logo da audiencia dos afectados e da persoa menor de idade -se ten suficiente madurez e, de ser caso, se é maior de 12 anos-.
 - Os e as proxenitores/as ou tutores/as non privados/as da PP ou tutela deberán ser notificados.
- Salvo que conveña outra cousa ao interese da persoa menor de idade, cando se inicie o período de convivencia preadoptiva, a entidade pública debe proceder a suspender o réxime de visitas e relacións coa familia de orixe, excepto cando o interese da persoa menor de idade así o aconselle, en razón da súa situación familiar (artigo 178.4 CC).
- A proposta de adopción ao xulgado ten que realizarse no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes de transcorridos 3 meses dende o día no que se acordou a delegación de garda con fins de adopción. No entanto, pode establecerse un período de adaptación cando a entidade pública o considere necesario, en función da idade e circunstancias da persoa menor de idade e, nese caso, o prazo de 3 meses pode prorrogarse ata un máximo dun ano.
- Se o xulgado non considerase procedente a adopción, a entidade pública debe determinar a medida protectora máis adecuada para a persoa menor de idade.

24 O artigo 84.d D 42/2000 prevé que a duración "non poderá exceder do prazo dun ano". En aplicación da disposición derogatoria da LDCG e máis do principio de xerarquía normativa, debe considerarse inaplicable ese límite máximo dun ano. "Procurarse que non exceda dun ano", como di a LDCG, pero poderá exceder dese prazo, loxicamente sempre e cando o interese superior da persoa menor de idade así o esixa e mediante a correspondente motivación debidamente fundamentada.

3.9 Garda de feito e outras gardas

A) Concepto

- Dáse cando a persoa menor de idade está de feito baixo o coidado de alguén distinto dos e das seus/súas proxenitores/as ou titores/as (por exemplo, unha tía ou un veciño) co consentimento expreso ou tácito destes (por exemplo, emigraron e deixaron un fillo cun veciño) ou por ausencia destes (por exemplo, morreron e o fillo convive cunha tía) e sen existir aínda ningún tipo de resolución administrativa nin xudicial.
- A súa regulación actual está nos artigos 237 e 238 CC e, en menor medida, no artigo 12.3 LDCG e 43.2 D 42/2000.



Garda de feito, delegación de garda, garda provisional.

Unha garda de feito non é unha delegación de garda.

- A **delegación de garda** está prevista para estancias, saídas de fin de semana ou vacacións, está recollida expresamente no artigo 172.ter.3 CC: “A entidade pública poderá acordar, en relación co menor en acollida familiar ou residencial, cando sexa conveniente ao seu interese, estancias, saídas de fins de semana ou de vacacións con familias ou con institucións dedicadas a estas funcións. Para ese efecto só se seleccionarán persoas ou institucións adecuadas ás necesidades do menor. As ditas medidas deberán ser acordadas unha vez que sexa oído o menor, se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se for maior de doce anos”, documentándose e comunicándose como se recolle nese artigo. Remata cando remata a delegación.
- A **garda provisional** dáse cando, “En cumprimento da obriga de prestar a atención inmediata, a entidade pública poderá asumir a garda provisional dun menor mediante resolución administrativa, e comunicarlle ao Ministerio Fiscal, procedendo simultaneamente a practicar as dilixencias precisas para identificar o menor, investigar as súas circunstancias e constatar, de ser o caso, a situación real de desamparo. Tales dilixencias realizaranse no prazo máis breve posible, durante o cal deberá procederse, de ser o caso, á declaración da situación de desamparo e consecuente asunción da tutela ou á promoción da medida de protección procedente. Se existisen persoas que, polas súas relacións co menor ou por outras circunstancias, puidesen asumir a tutela en interese deste, promoverase o nomeamento de titor conforme as regras ordinarias”. E, de non facerse, debería instalalo o Ministerio Fiscal (artigo 172.4 CC). Esta garda provisional cesa polas mesmas causas da tutela (artigo 172.5 CC).

B) Efectos

- Os/as proxenitores/as manteñen igualmente a **PP** e manteñen tamén os deberes de garda, é dicir, poden libremente levar con eles o fillo ou filla menor de idade en calquera momento mentres dure a garda de feito.
- Cando a autoridade xudicial teña coñecemento da existencia dun gardador de feito poderá requirilo para que informe da situación persoal e patrimonial da persoa menor de idade e da súa actuación, e poderá establecer as medidas de control e vixilancia que considere oportunas.
- Preventivamente, mentres se manteña a situación de garda de feito e ata que se constituía a medida de protección adecuada, se procedese, poderanse outorgar xudicialmente facultades tutelares aos/ás gardadores/as ou constituír un acollemento temporal, sendo acolletores os gardadores.
- Procederá a declaración de situación de desamparo cando, ademais desta circunstancia, se dean os presupostos obxectivos de falta de asistencia previstos no artigo 172 CC.
- Nos demais casos, os/as gardadores/as de feito poderán promover a privación ou suspensión da PP, remoción da tutela ou o nomeamento de titor/es e/ou titora/s.
- Finalmente, serán aplicables á garda de feito dunha persoa menor de idade, con carácter supletorio, as normas da garda de feito das persoas con discapacidade (artigo 238 CC).
- Pola súa banda, a Administración procurará ademais a formalización da situación da persoa menor promovendo a medida de protección que corresponda; é dicir, deberá intervir para regularizar esa situación mediante algunha destas medidas de protección legalmente previstas (artigos 12.3 LDCG e 43.2 D 42/2000).

Garda de feito ou desamparo?.

Os actuais artigos 237 e 238 CC están vixentes dende o 3 de setembro de 2021, logo da súa modificación pola Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica. Antes a regulación da garda de feito suscitaba dúbidas, resoltas da seguinte maneira: “cuando un guardador de hecho preste a un menor la necesaria asistencia, supliendo el incumplimiento de los progenitores de los deberes de protección establecidos por las leyes respecto de la guarda de aquel, ni se excluye ni se impone declarar la situación de desamparo, debiendo ser las circunstancias concretas de la guarda de hecho, interpretadas al amparo del superior interés del menor, las determinantes a la hora de decidir la situación jurídica respecto de su eficaz protección” (doctrina fixada pola STS do 27 de outubro de 2014). Malia ter mudado a norma, o criterio posiblemente siga sendo de aplicación e, polo feito de haber garda de feito, nin excluír nin impor a situación de desamparo, debendo avaliar as circunstancias concretas.

C) Duración

- A garda de feito dura ata o momento de regularizarse esa situación:
 - Ou ben pola actuación dos/das propios/as proxenitores/as ou titores/as levando a persoa menor de idade con eles ou elas.
 - Ou ben pola actuación da Administración ou do xulgado, declarando o desamparo e formalizando a tutela administrativa ou ordinaria e, se fose o caso, constituíndo un acollemento.
 - Ou ben por circunstancias excepcionais como a renuncia ou a morte do/a gardador/a ou da persoa menor de idade.
 - Ou ben pola maioría de idade da persoa menor de idade.



3.10 Acollementos

A) Concepto e clases

A.1 Xeral

- O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección, consistente:
 - na integración da persoa menor de idade nunha familia, na súa modalidade de familiar, ou
 - no seu aloxamento e atención nun centro, na modalidade de residencial (artigos 68.1 LGF, 14 LDCG e 172.ter CC).
- E co obxecto de facilitar a integración da persoa menor de idade nunha unidade familiar poderase compatibilizar a utilización do acollemento residencial e o familiar (artigo 69.g LFam).
- A súa regulación nas diferentes normas de aplicación pode sintetizarse da seguinte maneira:

LOPXM	Contido
20	acollemento familiar
20 bis	dereitos e deberes dos acolledores e das acolledoras familiares
20 ter a 20 quinquies	acollemento transfronteirizo
21	acollemento residencial
21 bis	dereitos das persoas menores de idade acollidas
22	deber de información da entidade pública a proxenitora/s, titor/a/es/as ou gardador/a/es/as
22 bis	programas de preparación para a vida independente
22 ter	sistema de información sobre protección á infancia e á adolescencia
22 quáter	tratamento de datos de carácter persoal
22 quinquies	impacto das normas na infancia e na adolescencia
24	adopción: remisión á lexislación civil

CC	Contido
172 ter	acollemento familiar
173 bis	<ul style="list-style-type: none"> • acollemento familiar de urxencia • acollemento familiar temporal • acollemento familiar permanente
176 bis	garda con fins de adopción

LDCG	Contido
14 y ss	acollemento
17	<ul style="list-style-type: none"> • acollemento simple • acollemento permanente • acollemento preadoptivo
18	acollemento simple
19	acollemento permanente
20	acollemento preadoptivo

LFam	Contido
68	acollemento

LOPIVI	Contido
DA 9 ^a	Disposición adicional novena. Seguridade Social das persoas acolledoras especializadas de dedicación exclusiva.
DA 20 ^a	Disposición derradeira vixésima. Especialización dos órganos xudiciais, da fiscalía e dos equipos técnicos que presten asistencia especializada aos xulgados e tribunais.
DA 21 ^a	Disposición derradeira vixésima segunda. Adaptación normativa.

A.2 Acollemento familiar.

- O **acollemento familiar** pode ser (artigo 20.1 LOPXM):
 - En función de **quen sexan as acolledoras** (artigo 173.bis.1 CC):
 - na **familia extensa** da persoa menor de idade
 - en **familia allea** á persoa menor de idade, ou
 - en **familia allea** á persoa menor de idade, especializada



- En función da **duración e obxectivos** (artigo 173.bis.2 CC):
 - **De urxencia**, principalmente para menores de seis anos, entrementes se decide a medida de protección familiar que corresponda.
 - **Temporal** (ou simple, na denominación que aínda lle dan os artigos 17 LDCG, 70.2 LFaM e 50.3, 53.2 e 56.2 D, ver D.A. segunda e D.A. sexta da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia), que terá carácter transitorio, ben porque da situación se prevexa a reintegración da persoa menor de idade na súa propia familia, ou ben entrementes se adopte unha medida de protección que revista un carácter máis estable (así o di tamén o artigo 18 LDCG) como o acollemento familiar permanente ou a adopción.
 - **Permanente**, que se constituirá, ben ao rematar o prazo de dous anos de acollemento temporal por non ser posible a reintegración familiar, ben directamente en casos de persoas menores de idade con necesidades especiais ou cando as súas circunstancias e as da súa familia así o aconsellen e, de acordo co artigo 19.1 LDCG, só procederá respecto de persoas menores de idade declaradas en desamparo.
 - **Permanente con facultades de tutela**, que supón que a entidade pública poderá solicitar do xulgado que atribúa ás persoas acolledoras permanentes aquelas facultades da tutela que faciliten o desempeño das súas responsabilidades (ver tamén artigo 19.2 LDCG).
 - A Circular Acollemento Familiar 1/2022, do 9 de febreiro de 2022, refírese a acollementos de convivencia plena, de fin de semana e/ou vacacións ou de día/noite, considerando o tipo de convivencia. É unha cualificación técnica interna, non unha cualificación legal, no senso de que esas denominacións e clasificacións non están recollidas nunha norma con rango de lei ou regulamento ou decreto ou orde, pero responde ás denominadas delegacións de garda previstas no artigo 172.ter.3 CC²⁵.
- En función de certas circunstancias, pode haber especificidades que afectarían fundamentalmente o contido ou os criterios e requisitos ou ás pautas de actuación, e non á denominación legal nin á regulación legal:
 - **Especializado**: desenvólvese nunha familia na que algunha/s das persoas que integran a unidade familiar dispón/dispoñen de cualificación, experiencia ou formación específica para desempeñar esta función respecto de persoas menores de idade con necesidades ou circunstancias especiais, e poden percibir, xa que logo, unha compensación (artigo 20.1 LOPXM). A Circular **Acollemento Familiar 1/2022, do 9 de febreiro de 2022**, refírese a acollementos ordinarios ou especiais, e correlaciónaos coa compensación económica e coas características das persoas menores de idade. É unha cualificación técnica interna, non unha cualificación

25 “3. A entidade pública poderá acordar, en relación co menor en acollida familiar ou residencial, cando sexa conveniente para o seu interese, estadias, saídas de remates de semana ou de vacacións con familias ou con institucións dedicadas a estas funcións. Para ese efecto só se seleccionará a persoas ou institucións adecuadas ás necesidades do menor. As ditas medidas deberán ser acordadas unha vez fose oído o menor se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se fose maior de doce anos. A **delegación de garda para estadias, saídas de fin de semana ou vacacións** conterà os termos desta e a información que fose necesaria para asegurar o benestar do menor, en especial de todas as medidas restritivas que establecese a entidade pública ou o xuíz. A dita medida será comunicada aos proxenitores ou titores, sempre que non fosen privados do exercicio da patria potestade ou removidos do exercicio da tutela, así como aos acolledores. Preservaranse os datos destes gardadores cando resulte conveniente para o interese do menor ou conorra xusta causa”.

legal, no senso de que esas denominacións e clasificacións non están recollidas nunha norma con rango de lei ou regulamento ou decreto ou orde.

- **Remunerado:** no suposto anterior, ou cando existan circunstancias que aconsellen facilitarlle este apoio á/s persoa/s acolledoras polo mantemento da persoa menor de idade (artigo 52 D 42/2000).
- **Especializado de dedicación exclusiva:** cando así o determine a entidade pública por razón das necesidades e circunstancias especiais da persoa menor de idade en situación de ser acollida, e percibirán as persoas colledoras unha compensación en atención á devandita dedicación (artigo 20.1 LOPXM).
- **Transfronteirizo:** cando a persoa menor de idade non está en España e se pretende o seu desprazamento a España, ou viceversa, se pretende o acollemento transfronteirizo de persoas menores de idade dende España a outro Estado, supostos nos cales se aplicarán unhas normas específicas (artigos 20.ter, 20.querter e 20.quinquies LOPXM).
- **En situacións de violencia de xénero ou doméstica:** cando a persoa menor de idade se atope baixo a PP, tutela, garda ou acollemento dunha vítima de violencia de xénero ou doméstica, as actuacións dos poderes públicos estarán encamiñadas a garantir o apoio necesario para procurar a permanencia das persoas menores de idade, con independencia da súa idade, con aquela, así como a súa protección, atención especializada e recuperación (artigo 12.3 LOPXM).
- **Discapacidade:** para o caso dunha persoa menor de idade con discapacidade, deberá continuar cos apoios especializados que viñese recibindo ou adoptar outros máis adecuados ás súas necesidades (artigos 172.bis e 173 CC e artigos 19.bis.1 e 20.bis.2.a LOPXM), que deberán constar na resolución de formalización do acollemento familiar (artigo 20.3.f LOPXM).
- **Por responsabilidade penal:** a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, contén como unha das medidas que o xulgado pode impoñer a de "Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo". A persoa sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xulgado, con outra persoa, cunha familia distinta á súa ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionado para orientar a aquela no seu proceso de socialización (artigo 7.1.j da lei citada), rexéndose entón por esa normativa específica.
- O denominado acollemento familiar preadoptivo, previsto polos artigos 17 e 20 LDCG, 70.2 e 78.2 LFam e 50.3, 80.2 e 84 e ss. D 42/2000, mantén esa denominación neses artigos e nalgunhas outras referencias normativas, pero debe sempre entenderse substituída esa denominación para todos os casos pola de garda con fins de adopción (artigo 176.bis CC en relación coas D.A. segunda e D.A. sexta da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, ver apartado 3.8 desta guía).
- Calquera outra cualificación dun acollemento, como por exemplo os denominados de especial vinculación vistos nalgúns contratos de acollemento familiar, carece de calquera tipo de regulación legal específica e, en definitiva, deben aplicar as normas xerais dos acollementos.



Acollementos “de feito”.

Teña ou non a entidade pública a tutela ou a garda da persoa menor de idade, a constitución do acollemento require sempre o consentimento da entidade pública competente (artigo 14.3 LDCG). Por este motivo, e por respecto aos dereitos das persoas menores de idade, non é posible un acollemento privado, sexa ante notario ou en documento privado. É dicir, non son posibles legalmente os acollementos “de feito” e, de producírense, deberán tratarse como unha garda de feito (apartado 3.9 desta guía).



A.3 Acollemento residencial

- As entidades públicas e os servizos e centros onde se atopen as persoas menores de idade deberán actuar conforme os principios reitores establecidos no artigo 11 da LOPXM, con pleno respecto aos dereitos da persoa menor de idade e:
 - Coas **obrigas básicas** previstas no artigo 21.1 LOPXM.
 - Coa **obriga específica** de ser contornas seguras e aplicación dos protocolos de actuación que estableza a entidade pública coas actuacións que deben seguirse para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás posibles situacións de violencia comprendidas no ámbito de aplicación da LOPIVI, para o cal estas administracións deberán aprobar estándares e indicadores que permitan avaliar a eficacia destes protocolos no seu ámbito de aplicación (artigo 53.1 LOPIVI).
 - Con **habilitación, inscrición, inspección e supervisión** da entidade pública (semestral e cando así o esixan as circunstancias) aos centros e servizos (artigo 21.2 e 4 LOPXM).
 - Baixo a **vixilancia** do Ministerio Fiscal, analizando, entre outros, os proxectos educativos Individualizados, o proxecto educativo do centro e o regulamento interno (artigo 21.5 LOPXM e 55 LOPIVI).

B) Efectos

B.1 Se hai declaración de desamparo:

En xeral, o acollemento deriva dunha declaración previa de desamparo e asunción de tutela por ministerio da lei e, con base en tal declaración (artigo 172.1 CC e ver apartado 3.4.b da guía, relativo á situación de desamparo):

- respecto aos/ás **proxenitores/as**, queda en suspenso a PP sobre a persoa menor de idade
- respecto á **titora por ministerio da lei**, pasa a ser a representante legal da persoa menor de idade a xefatura territorial, e

- respecto á **encargada da garda e custodia** da persoa menor de idade, será a persoa ou persoas designadas pola xefatura territorial ou polo xulgado, para o caso de acollemento familiar, e o director ou directora do recurso residencial, para o caso de acollemento residencial.

B.2 Se non hai declaración de desamparo:

Pero o acollemento pode tamén acordarse **sen declaración previa de desamparo** a solicitude de proxenitores/as ou titores/as. Así, cando proxenitores/as ou titores/as, por circunstancias graves e transitorias debidamente acreditadas, non poidan coidar a persoa menor de idade, poderán solicitar da entidade pública que esta asuma a súa garda durante o tempo necesario, que non poderá exceder os dous anos como prazo máximo de coidado temporal da persoa menor de idade, agás que o interese superior desta aconselle, excepcionalmente, a prórroga das medidas. Transcorrido o prazo ou a prórroga, de ser o caso, a persoa menor de idade deberá regresar cos/coas seus/súas proxenitores/as ou titores/as ou, se non se dan as circunstancias adecuadas para iso, ser declarada en situación legal de desamparo (artigo 172. bis CC). De maneira que:

- respecto aos/ás **proxenitores/as**, manteñen intacta a PP sobre a persoa menor de idade
- non hai titora por ministerio da lei, e
- a encargada da **garda e custodia** da persoa menor de idade será a persoa ou persoas designadas pola xefatura territorial, para o caso de acollemento familiar, e o director ou directora do recurso residencial, para o caso de acollemento residencial.

B.3 Común:

- En **xeral**:
 - O acollemento familiar produce a plena participación do menor na vida de familia e impón a quen o recibe as obrigacións de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral nunha contorna afectiva (artigos 173 CC, 16.1 LDCG, 68.2 LDCG 50.1 D).
 - No desempeño destas funcións, respectarán as instrucións e a facultade de inspección que como titular da garda lle corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 68.2 LFam).
- Para o caso do **acollemento familiar**:
 - Para a/s persoa/s **acolledora/s**, os dereitos e deberes do artigo 20.bis LOPXM.
 - Para a **persoa menor de idade acollida**, os dereitos e deberes xerais dos artigos 3 a 9 quinquies LOPXM e máis os específicos do artigo 21.bis LOPXM.
 - Para os **equipos técnicos**, as obrigas do artigo 57 D 42/2000.
- Para o caso do **acollemento residencial**:



- Para as **entidades públicas e os servizos e centros** onde se atopen as persoas menores de idade en acollemento residencial, as obrigas do artigo 21 LOPXM.
- Para a **persoa menor de idade acollida** os dereitos e deberes xerais dos artigos 3 a 9 quinquies LOPXM e mais os específicos do artigo 21.bis LOPXM, especialmente os do seu punto 3, e os do artigo 60 D 42/2000.
- Logo da extinción do acollemento por maioría de idade da persoa acollida, as Entidades Públicas dispoñerán de programas e recursos destinados ao apoio e orientación de quen, estando en acollemento, alcance a maioría de idade e quede fóra do sistema de protección, con especial atención ás persoas que presentan discapacidade (artigo 11.4 LOPXM). En concordancia, as entidades públicas ofrecerán programas de preparación para a vida independente dirixidos aos mozos e ás mozas que estean baixo unha medida de protección, particularmente en acollemento residencial ou en situación de especial vulnerabilidade, dende dous anos antes da súa maioría de idade, unha vez cumprida esta, sempre que o necesiten, co compromiso de participación activa e aproveitamento pola súa parte. Os programas deberán propiciar seguimento socioeducativo, aloxamento, inserción sociolaboral, apoio psicolóxico e axudas económicas (artigo 22.bis LOPXM).

C) Duración

Tipo de acollemento	Duración máxima	Regulación
Familiar de urxencia	Procurarase non superior a 6 meses	173.bis.2.a CC
Familiar temporal	2 anos, salvo excepcións motivadas	173.bis.2.b CC
Familiar permanente (con ou sen delegación de facultades de tutela)	Non se establece	173.bis.2.b CC
Residencial	Tempo estritamente necesario, e con carácter xeral non superior a 3 meses para persoas menores de 6 anos	59.2 D 42/2000 e 21.3 LOPXM

- Para todos os casos a duración -e tamén se é na propia familia extensa da persoa menor de idade ou se é en familia allea- debe estar fixada atendendo, en todo caso, o interese superior da persoa menor de idade (artigo 20.1 LOPXM): para tal efecto, a Circular Acollemento Familiar 1/2022, do 9 de febreiro de 2022, recolle no seu punto 4 criterios de aplicación para fixar a duración
- Para todos os casos, calquera medida de protección non permanente que se adopte respecto de persoas menores de tres anos revisarse cada tres meses, e respecto de maiores desa idade revisarse cada seis meses, e nos acollementos permanentes, a revisión terá lugar o primeiro ano cada seis meses e, a partir do segundo ano, cada doce meses (artigo 12.6 LOPXM)



Acollementos por máis de 2 anos.

“A entidade pública remitirá ao Ministerio Fiscal informe xustificativo da situación dun determinado menor cando este se atopou en acollemento residencial ou acollemento familiar temporal durante un período superior a dous anos, e deberalle xustificar á entidade pública as causas polas que non se adoptou unha medida protectora de carácter máis estable nese intervalo” (artigo 12.7 LOPXM).

- O **acollemento familiar cesará** (artigos 25 LDCG e 173.4 CC):
 - Por resolución xudicial.
 - Por resolución da entidade pública, de oficio ou por proposta do Ministerio Fiscal, das persoas proxenitoras, titor/a, acolledores/as ou da propia persoa menor de idade se tivese suficiente madurez, cando se considere necesario para salvagardar o seu interese oídos os/as acolledores/as, a persoa menor de idade, a/s súa/s pesoa/s proxenitora/s ou titor/a:
 - Para o caso de acollemento familiar, por decisión das persoas que a teñen acollida, logo da comunicación destas á entidade pública
 - Para o caso de garda rogada, por pedimento do titor ou a titora ou do pai ou a nai que teña a PP e reclame a súa compañía
 - En calquera caso que se considere necesario para a salvagarda do interese da persoa menor de idade
 - Pola maioría de idade da persoa menor de idade
 - Pola morte ou declaración de falecemento das persoas acolledoras
- O **acollemento residencial cesará** polos mesmos motivos, agás o último (artigo 72 LFam).



“Un lugar onde quedar”.

Este estudo sobre a atención a persoas menores de idade en acollemento no sistema de protección en España, publicado por UNICEF Comité Español en setembro de 2017, ofrece unha panorámica sobre acollemento e tamén complementariamente a guía El acogimiento como oportunidad de vida <https://www.unicef.es/publicacion/un-lugar-donde-quererse>

- Finalmente, debe terse en conta que as entidades públicas dispoñerán de programas e recursos destinados ao apoio e orientación de quen, estando en acollemento, alcance a **maioría de idade** e quede fóra do sistema de protección, con especial atención aos que presentan discapacidade.



D) Criterios

- Os criterios **legais xerais** serían os xerais para calquera actuación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, é dicir, respectar as medidas e principios reitores da actuación administrativa (artigos 10 e 11 LOPXM, en especial o artigo 11.2 LOPXM), executar as actuacións de protección do artigo 12 LOPXM, mesmo a atención inmediata e para casos de urxencia (artigos 14 e 14 bis LOPXM) e actuar en situacións de risco e en situacións de desamparo conforme se detallou nos apartados correspondentes desta guía.
- E, **especificamente**, e en aplicación dos principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia, para a adopción da medida de acollemento atenderase preferentemente aos seguintes criterios (artigos 15.1, 16.2 e 21 LDCG e artigos 69 e 71.2 LFam):
 - Dar prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial: só non sendo este posible ou conveniente para o interese da persoa menor de idade, o acollemento familiar pode pasarse ao acollemento residencial (artigo 172.ter CC e 21.3 LOPXM).
 - Esta norma aplícase con máis intensidade aínda a menores de seis anos (artigo 21.3 LOPXM).
 - E non se acordará o acollemento residencial para menores de tres anos, salvo en supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior da persoa menor de idade (artigo 21.3 LOPXM)
 - Só se poderá recorrer ao acollemento residencial cando se esgotasen todas as posibilidades de mantemento da persoa menor de idade na súa familia a través da utilización de todos os recursos preventivos e o acollemento familiar, a constitución da tutela ordinaria ou a adopción non sexan posibles ou se consideren inadecuados.
 - Evitar, na medida do posible, a separación de irmáns e/ou irmás e procurar o seu acollemento por unha mesma familia ou nun mesmo centro.
 - Favorecer a permanencia da persoa menor de idade no seu propio ambiente, procurando que o acollemento se produza en familia extensa, agás que non sexa aconsellable para o interese da persoa menor de idade acollida ou das persoas menores de idade do grupo familiar acolledor.
 - Fomentar as relacións entre a persoa menor de idade e a súa familia natural para posibilitar a súa reintegración a esta.
 - Manter a medida polo tempo estritamente necesario.
 - Fomentar a integración da persoa menor de idade no contorno social e a asistencia aos sistemas educativos, sanitarios e laborais.



Circular de Acollemento familiar do 9 de febreiro de 2022.

Para o caso de Galicia, esta circular recolle estes criterios, ademais de definicións e, fundamentalmente, o procedemento para aplicar, e mesmo, as aplicacións informáticas. Esa circular contén tamén as referencias legais reguladoras deses criterios, fases do acollemento, duración e outros aspectos como traslados entre CC.AA. e aplicación informática. Situación semellante é a do “Protocolo de transición de acollemento familiar ou residencial a adopción”.

3.11 Adopcións

A) Concepto

- A adopción é unha medida de protección **definitiva e subsidiaria ás anteriores** que se pode adoptar cando a persoa menor de idade non pode ou non debe regresar coa súa familia biolóxica (artigo 73 LFam).
- A Xunta de Galicia promoverá a adopción dunha persoa menor de idade cando, valorada a súa situación e circunstancias:
 - se constase a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe
 - responda ao interese daquela e
 - constitúa a medida máis axeitada para atender as súas necesidades (artigo 73.2 LFam).



B) Efectos

- En España a adopción é “**plena**”, o cal quere dicir que:
 - respecto á **familia biolóxica**, o adoptado ou adoptada **racha todas as relacións** xurídicas (artigo 178): PP, apelidos, parentesco...
 - respecto á **familia adoptiva**, o adoptado ou adoptada crea unha **nova filiación exactamente igual que a dun fillo ou filla biolóxicos**, cos mesmos dereitos (PP, apelidos, parentesco, nacionalidade, veciñanza civil...) e obrigas, e
 - é **irrevogable** (artigo 180 CC): dende a sentenza firme de adopción, non hai posibilidade de dar marcha atrás no proceso de adopción, sempre e cando este fose respectando todas as formalidades legais; e, de non terse respectado, dáse a posibilidade excepcional de que pida a extinción da adopción calquera das persoas proxenitoras que, sen culpa súa, non tivesen intervido no expediente de adopción nos termos do artigo 177, se a demanda se interpuxo dentro dos dous anos seguintes á adopción, se a extinción solicitada non prexudica gravemente a persoa adoptada e, se esta fose maior de idade, se esta dá o seu consentimento expreso.
- Tamén cabe a adopción “**aberta**” (artigo 178.4 CC) cando o interese da persoa menor de idade así o aconselle, en razón da súa situación familiar, idade ou calquera outra circunstancia significativa valorada pola entidade pública e:
 - poderá acordarse o mantemento dalgunha forma de relación ou contacto a través de visitas ou comunicacións entre a persoa menor de idade, os membros da familia de orixe que se considere e a adoptiva²⁶
 - favorecerase especialmente, cando iso sexa posible, a relación entre os irmáns biolóxicos e as irmás biolóxicas (o cal se correlaciona tamén co dereito a conservar os vínculos afectivos cos seus irmáns e irmás, e para tal fin a Administración da Xunta de Galicia procurará que todas elas sexan acollidas ou adoptadas por unha mesma persoa ou familia, e, para o caso de separación, tratará de facilitar a relación entre eles e elas, de acordo co artigo 74.1 LFam)
 - a periodicidade, duración e condicións serán fixadas polo xulgado, por proposta da entidade pública ou do Ministerio Fiscal e co consentimento da familia adoptiva e do/da adoptando/a se tivese suficiente madurez e sempre se fose maior de doce anos; e esa relación poderá levarse a efecto con ou sen a intermediación da entidade pública ou entidades acreditadas.
 - o xulgado poderá acordar, tamén, a súa modificación ou finalización en atención ao interese superior da persoa menor de idade, por petición da entidade pública, da familia adoptiva, da familia de orixe ou da persoa menor de idade se tivese suficiente madurez e, para en todo caso, se fose maior de doce anos.

26 Galicia tiña recollida unha regulación similar, en liña coa normativa catalá e vasca, no artigo 74.1 LFam ao recoñecer “o dereito para conservar os vínculos afectivos cos seus irmáns e irmás, e, para tal fin, a Administración da Xunta de Galicia procurará (...), en caso de separación, facilitar a relación entre eles e elas”.

Pode ser útil a reflexión de *Adopción aberta, ¿nueva forma de crear familias?*, de Salomé Adroher Biosca, profesora de Dereito da Universidade Pontificia de Comillas. do 27 de novembro de 2021 (https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/opinion/2021/11/27/adopcion-abierta-nueva-forma-crear-familias/0003_202111G27P15993.htm).

- a entidade pública remitirá ao xulgado informes periódicos sobre o desenvolvemento das visitas e comunicacións, así como propostas de mantemento ou modificación destas, durante os dous primeiros anos e, transcorridos estes, por petición do xulgado.
- As denominadas tecnicamente adopcións especiais non teñen legalmente ningún réxime xurídico específico. Son, para estes efectos, procesos de adopción de nenos, nenas e adolescentes con necesidades especiais, nunha situación de vulnerabilidade que demanda unha especial dedicación da familia que os adopta: nenos, nenas ou adolescentes de máis de 8 anos, con dificultades físicas, psíquicas ou sensoriais, con calquera outra característica que require unha especial atención ou grupos de irmáns e/ou irmás.
- A adopción **internacional** dáse cando existe algún elemento estranxeiro nunha adopción. Ten unha normativa específica sustentada fundamentalmente no Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993, ratificado por España mediante o Instrumento do 30 de xuño de 1995, e na Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional, máis outra normativa autonómica e internacional. Artéllase a partir dun sistema específico fundamentado en autoridades centrais e en organismos acreditados de adopción internacional (OAAI) (ver <https://adopcions.xunta.es/index.php?idMenu=6&idIdioma=2>).

C) Duración

Dura **toda a vida**, pois a adopción é irrevogable, como se acaba de indicar, polo que, para o caso de considerarse falida esa adopción, a única actuación posible sería acordar novamente o desamparo da persoa menor de idade e asumir a súa tutela (se se desen as circunstancias legais, pois a adopción falida non determina por ela mesma a existencia de desamparo), que se exercería novamente por medio dun acollemento residencial ou familiar.

D) Procedemento para constituír a adopción

- Fontes básicas: artigos 175 a 180 CC; artigo 24 LOPXM; artigos 73 e ss. LFam; artigos 61 e ss. D 42/2000; e artigos 33 e ss. Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.
- **Quen pode adoptar en Galicia:** calquera **persoa física** que cumpra os seguintes requisitos:
 - ter **25 anos** cumpridos, ben que, para o caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas con relación estable análoga á conxugal, abondará con que un deles teña a dita idade; e ter o/s adoptante/s **14 anos máis que o/a adoptando/a**, como mínimo.
 - ter **residencia habitual** na Comunidade Autónoma de Galicia, con dúas excepcións:
 - este requisito non se esixirá cando se considere conveniente que unha persoa menor de idade sexa adoptada fóra de Galicia; para este caso solicitaranse candidatos valorados idóneos aos servizos competentes doutras comunidades autónomas (artigo 63 D 42/2000), e poderán ser declarados idóneos ben polos



servizos competentes da súa comunidade autónoma, ben polos servizos desta comunidade (artigo 76.2 LFam); e

- para o caso de emigrantes galegos con previsión de retorno, poderán dirixir a súa solicitude á xefatura territorial na que vaian fixar a súa residencia.
- estar inscrita no **Rexistro de Adopcións** da Comunidade autónoma.
- ser considerada/s persoa/s **idónea/s** para a adopción, logo do correspondente procedemento de avaliación.
- **A quen se pode adoptar** (artigo 64 D 42/2000):
 - persoas menores de idade non emancipadas
 - persoas maiores de idade ou menores de idade emancipadas cando, xusto antes da emancipación, existise unha situación non interrompida de acollemento ou convivencia, iniciada antes de que o/a adoptando/a cumprise os 14 anos.
- **A quen non se pode adoptar** (artigo 175.3 CC):
 - a un descendente
 - a un parente en segundo grao de liña colateral por consanguinidade ou afinidade, nin
 - a un pupilo por parte do seu titor ata que sexa aprobada definitivamente a conta xeral xustificada da tutela.

● **Como se constitúe unha adopción**

1 Órganos competentes:

1.1 Órgano administrativo: a entidade pública, coas excepcións dos casos nos que non se require a proposta previa de acordo co disposto no artigo 176.2º CC:

- ser orfa e parente do/a/s adoptante/s en terceiro grao de consanguinidade ou afinidade,
- ser fillo ou filla do/da cónxuxe ou da persoa unida ao/á adoptante por análoga relación de afectividade á conxugal,
- levar máis dun ano en garda con fins de adopción ou ter estado baixo a tutela do/s e da/s adoptante/s durante o mesmo tempo, ou
- ser maior de idade ou emancipado.

1.2 Órgano xudicial: o **xulgado de familia** ou o **xulgado de primeira instancia** correspondente ao domicilio da xefatura territorial competente para a protección á persoa menor de idade e, para os casos xa citados que non necesitan proposta previa, o domicilio do adoptante.

2 Procedemento: fase administrativa.

- Procedemento de **selección** das persoas que queren adoptar:
 - as persoas que desexen adoptar deberán presentar unha solicitude na xefatura territorial correspondente ao seu domicilio

- a avaliación da idoneidade das persoas solicitantes correspóndelle a cada xefatura territorial, baixo os criterios xerais do artigo 176.3 CC
- finalizada a avaliación, o equipo técnico elevará ao/á xefe/a territorial unha **proposta razoada** sobre a **idoneidade** do/s solicitante/s, e a xefatura territorial emitirá resolución motivada no prazo máximo de 6 meses dende a data da solicitude e notificarase ao/s interesado/s (artigo 78 D 42/2000).
- Procedemento de selección para a **asignación** á persoa menor de idade: corresponde a cada xefatura territorial a selección do e da/s adoptante/s idóneo/a/s para cada persoa menor de idade. No caso de nenos ou nenas menores de 1 ano e sen necesidades especiais, asignarase en función da listaxe única autonómica constituída para tal efecto (artigo 82 do D 42/2000).
- Finalizada a selección, e exceptuando os casos en que non sexa necesaria proposta previa, o xefe ou xefa territorial formalizará a **garda con fins de adopción** e emitirá a súa proposta de adopción.
- Verificada a adaptación positiva entre a persoa menor de idade e a familia acolledora, a xefatura territorial emitirá a **proposta de adopción**, que presentará perante o xulgado competente.

3 Procedemento: fase xudicial

- Deberán prestar **consentimento** á adopción (artigo 177.1 CC):
 - o/a/s adoptante/s; e
 - o/a/s adoptando/a/s maior/es de doce anos.
- Deberán mostrar **asentimento** na adopción (artigo 177.2 CC):
 - o cónxuxe ou persoa unida á persoa adoptante por análoga relación de afectividade á conxugal, salvo separación ou divorcio legal ou ruptura da parella que conste de maneira fidedigna, agás nos supostos nos que a adopción se vaia formalizar de forma conxunta; e
 - a/s proxenitora/s do/s e da/s adoptando/a/s non emancipado/a/s, a non ser que estivesen privados da PP por sentenza firme ou incursos en causa legal para tal privación (esta segunda situación precisará procedemento xudicial específico diferente ao de adopción), e co límite de que nas adopcións que esixan proposta previa non se admitirá que o asentimento da/s persoa/s proxenitora/s se refira a adoptante/s determinado/a/s.
- **Non será necesario que mostren asentimento** na adopción (artigo 177.2 CC):
 - as persoas imposibilitadas para mostrar consentimento, imposibilidade que se apreciará motivadamente na resolución xudicial que constituía a adopción²⁷ (non precisa procedemento xudicial específico diferente ao de adopción),

²⁷ Para estes efectos, son especialmente importantes as modificacións introducidas no réxime xeral de capacidade xurídica pola Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.



- a/s persoa/s proxenitora/s que tivese/n suspendida a PP cando transcorresen dous anos dende a notificación da declaración de situación de desamparo, nos termos previstos no artigo 172.2 CC, sen oposición a esta ou cando, interposta en prazo, fose desestimada,
- **Non poderá mostrar asentimento** a nai se non transcorreron seis semanas dende o parto.
- Deberán ter **audiencia** polo xulgado:
 - a/s persoa/s proxenitora/s non privadas da PP, cando o seu asentimento non sexa necesario para a adopción
 - o/a titor/a e, de ser o caso, a familia acollidora e mais o/a/s gardador/a/es
 - o/a adoptando/a menor de doce anos, de acordo coa súa idade e madurez.
- **Resolución:** a adopción constitúese mediante resolución xudicial, que terá en conta sempre o interese do/a/s adoptando/a/s e a idoneidade do/a/s adoptante/s para o exercicio da PP.

Que é a idoneidade.

Legalmente, “enténdese por idoneidade a capacidade, aptitude e motivación adecuadas para exercer a responsabilidade parental, atendendo as necesidades dos menores para adoptar, e para asumir as peculiaridades, consecuencias e responsabilidades que leva a adopción. A declaración de idoneidade pola entidade pública requirirá unha valoración psicosocial sobre a situación persoal, familiar, relacional e social dos e das adoptantes, así como a súa capacidade para establecer vínculos estables e seguros, as súas habilidades educativas e a súa aptitude para atender un/unha menor en función das súas singulares circunstancias. A dita declaración de idoneidade formalizarase mediante a correspondente resolución. Non poderá ser declarado/a idóneo/a para a adopción quen se atope privado/a da patria potestade ou teña suspendido o seu exercicio, nin quen teña confiada a garda do seu fillo á entidade pública. As persoas que se ofrezan para a adopción deberán asistir ás sesións informativas e de preparación organizadas pola entidade pública ou por entidade colaboradora autorizada” (artigo 176.3 CC).





**AXENTES DO
SISTEMA DE
PROTECCIÓN Á
INFANCIA E Á
ADOLESCENCIA**



4.1 O “menor”: unha persoa menor de idade

O principal axente da protección a “menores” é a propia persoa menor de idade, pola súa dobre dimensión de suxeito e obxecto de protección (ver punto 3.1 desta guía).

- Como **obxecto de protección**, a infancia e a adolescencia como colectivo son unha responsabilidade pública e colectiva e toda canta actuación se acometa deberá ser no seu interese e, ademais, deberá ser axeitadamente informada das medidas que pretendan adoptarse para a súa protección.
- Como **suxeito da actuación**, a persoa menor de idade ten dereito a ser oída e expresar a súa opinión e a que se actúe con respecto a ela baixo o principio das tres “p”: protección, provisión e promoción, coa finalidade de garantir e facer efectivos os seus dereitos.

4.2 As nais e/ou os pais

- A máis importante relación do neno, nena e adolescente adoita ser coa/s súa/s nai/s e/ou co/s seu/s pai/s (ou, de ser o caso, co/a titor/a), responsables últimos da súa garda e, en ocasións, responsables tamén das súas situacións de risco ou abandono.
- Por tal motivo, a protección á persoa menor de idade ten como primeiro axente interviniente a estas persoas, coa obriga de darlles aos seus fillos e fillas asistencia “de toda orde”, e non só material (ver punto 3.2 desta guía).
- A partir de aquí chégase, por exemplo, á **parentalidade positiva**, entendida como o comportamento das persoas proxenitoras, ou de quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento, fundamentado no interese superior da persoa menor de idade e orientado a que esta medre nunha contorna afectiva e sen violencia que inclúa o dereito a expresar a súa opinión, a participar e ser tomada en conta en todos os asuntos que lle afecten, educación en dereitos e obrigas. O comportamento das persoas proxenitoras debe favorecer o desenvolvemento das súas capacidades, ofrecer recoñecemento e orientación e permitir o seu pleno desenvolvemento en todas as ordes (artigo 26.3.a LOPIVI).



4.3 A Consellería de Política Social e Xuventude

- A entidade pública encargada da protección dos nenos, nenas ou adolescentes en situación de risco ou desamparo é actualmente a **Consellería de Política Social e Xuventude** da Xunta de Galicia (artigo 25.1 D 42/2000), da cal se pode consultar a súa estrutura orgánica en <https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/organigrama/politica-social-organigrama-gal.pdf>
- O traballo operativo destes organismos encargados da protección desenvólvese principalmente por medio dos **equipos técnicos do “menor”** integrados en cadansúa xefatura territorial:
- **Con carácter xeral**, son unha expresión ou concreción dun principio reitor en materia de protección á infancia: a **obxectividade, imparcialidade e seguridade xurídica** na actuación protectora, garantindo o carácter colexiado e interdisciplinario na adopción de medidas (artigo 11.2.h LOPXM)
- **En concreto**, teñen as seguintes competencias (artigo 26.2 D 42/2000):
 - desenvolver os programas preventivos e de intervención que elabore e poña en marcha a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia
 - recibir os casos de persoas menores de idade que se poidan atopar nunha situación de desprotección e investigar e avaliar a súa situación persoal, familiar, educativa e social (en particular, artigos 32.4, 34, 35, 36, 45.2 e seguintes D 42/2000)
 - elaborar o plan de actuación e elevar á xefatura territorial a proposta de actuación máis axeitada (ver os mesmos artigos antes citados)
 - executar o plan de actuación e seguimento das medidas que fosen adoptadas (tamén artigo 57 D 42/2000, en relación co acollemento familiar)
 - avaliar tecnicamente a idoneidade dos e das solicitantes de acollemento familiar e de adopción, e elevar á xefatura territorial as correspondentes propostas (en particular, artigo 55 e concordantes do D 42/2000)
 - supervisar o bo funcionamento e efectuar o asesoramento técnico ás institucións de atención a persoas menores de idade no seu ámbito de actuación
 - coordinar as actuacións que se vaian desenvolvendo coas persoas e institucións implicadas na problemática das persoas menores de idade atendidas
 - valorar as solicitudes de garda e formular as propostas de actuación que elevarán á xefatura territorial, propoñendo a garda ou outras medidas de apoio
- Os informes e as propostas elaborados polos equipos técnicos terán carácter **preceptivo e non vinculante** (artigo 26.3 e 32.4 D 42/2000).



Dar e recibir datos, tratar datos, público e privado.

Existe unha diferenza fundamental entre as administracións públicas e o resto (persoas ou autoridades, especialmente aquelas que pola súa profesión, oficio ou actividade detecten unha situación de risco ou posible desamparo). A **Administración pública** competente pode recoller e tratar datos, mesmo sen consentimento das persoas interesadas, e tamén comunicalas a quen proceda legalmente nos termos do artigo 22 quáter LOPXM, e cumprindo coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais. O resto, só poderá tratar sen consentimento da persoa interesada a información que resulte **imprescindible para o cumprimento das obrigacións de notificar** unha situación de posible risco ou desamparo e coa única finalidade de poñer os devanditos datos en coñecemento da Administración pública competente ou do Ministerio Fiscal. E durante unha intervención familiar, só a Administración pública competente, e non as entidades colaboradoras, poderá compartir datos persoais, e para o caso de incumprimento pódense dar as consecuencias administrativas e, se for o caso, penais, correspondentes.

- Estes equipos técnicos son diferentes dos equipos de intervención familiar e coa infancia e a adolescencia, especialmente adestrados na detección precoz, valoración e intervención fronte á **violencia** exercida sobre as persoas menores de idade, previstos no artigo 42 LOPIVI.
- Outro recurso de **atención directa** que, aínda que non está exclusivamente dirixido á protección á infancia e á adolescencia, resulta especialmente salientable pola súa polivalencia e permite, por exemplo, a posible detección e/ou actuación inmediata diante de situacións de risco ou maltrato, é a liña de axuda á infancia (116111): é un servizo para todos os nenos e nenas que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, que necesiten axuda ou queiran falar sobre os problemas que lles afectan, e tamén poden chamar todas aquelas persoas que saiban ou sospeiten que algún neno, nena ou adolescente pode estar sendo maltratado ou que non está sendo correctamente atendido (ver: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/proteccion-da-infancia/o-telefono-da-infancia>).
- E outro recurso de intervención específico son os **puntos de encontro familiar**, regulados polo Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, e xestionados por entidades colaboradoras. Son un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente (entidade pública ou xulgado), que ten por obxecto favorecer a relación entre os e as persoas menores de idade e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas se vexa interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo. Pódense ver máis detalles en: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/puntos-de-encontro-familiar>



Boa praxe en PEF.

Manual de buenas prácticas en puntos de encuentro familiar recolle unha colaboración da Universidade da Coruña, de Fundación Meniños e mais do Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica de Azores ofrecendo unha visión ampla do marco legal (páxinas 7 a 18) e tamén o labor, boa praxe e conclusións, publicado en 2021 e presentado en 2022: <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/29490>.

- Así mesmo, os servizos especializados de protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude contan con diversos programas e servizos (ver <https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/proteccion-da-infancia>):
 - Acollemento familiar
 - Acollemento residencial
 - Adopcións especiais
 - Programa de integración familiar
 - Programa de inserción sociolaboral Mentor
 - Programa de avaliación e tratamento terapéutico
 - Programa de atención ambulatoria

- Por outra banda, a Consellería de Política Social e Xuventude conta cos seguintes órganos colexiados adscritos a ela relacionados con este ámbito de competencias:
 - A Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social, creada pola LSSG.
 - O Consello Galego de Benestar, creado pola LSSG.
 - A Comisión Técnica de Accesibilidade e o Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, creados pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
 - O Consello Galego da Familia e o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, creados pola LFam.
 - O Consello Autonómico da Atención Temperá e a súa Comisión Técnica, creados polo Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
 - O Consello Galego de Acción Voluntaria e o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, creados pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia
 - O Comité Galego de Políticas de Xuventude, creado pola Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
 - O Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia e o seu Observatorio da Xuventude, creados pola Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.
 - O Observatorio Galego de Dinamización Demográfica: Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

4.4 Ministerio Fiscal

- **En xeral**, a representación do Ministerio Fiscal debe intervir en calquera procedemento no cal se poida ver afectada unha persoa menor de idade, conforme o artigo 3.7 do seu Estatuto orgánico (Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal) e, **en concreto**, encoméndanselle unhas competencias moi amplas e numerosas:
 - **Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe:** medidas cautelares e de protección previstas na lei para o caso de difusión de información ou utilización de imaxes ou nome dos nenos, nenas ou adolescentes nos medios de comunicación de xeito tal que poida implicar unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e deberá tamén solicitar as indemnizacións que correspondan polos prexuízos causados (artigo 4.2 e 4 LOPXM).
 - **Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe:** coñecer do consentimento dos nenos, nenas e adolescentes ante actos que puidesen supor intromisión ilexítima na súa honra, intimidade e propia imaxe e, de ser o caso, opoñerse a ese consentimento prestado (artigo 3.2 da Lei orgánica 1/1982, sobre protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe).
 - **Dereito á información:** accións de cesamento e rectificación de publicidade ilícita (artigo 5.5 LOPXM).
 - **Dereito de participación, asociación e reunión:** promoción de medidas xurídicas en relación coa pertenza dunha persoa menor de idade ou do/a/s súa/s persoas/s proxenitora/s a unha asociación que impida ou prexudique o desenvolvemento integral da persoa menor de idade (artigo 7.2 LOPXM).
 - **Dereito a ser oído e escoitado:** recibir comunicación sempre que na vía administrativa ou xudicial se denegue a comparecencia ou audiencia das persoas menores de idade (artigo 9.3 LOPXM) e recibir da persoa menor de idade acollida reclamacións ou queixas sobre as circunstancias do seu acollemento (artigo 21.bis.1.g LOPXM).
 - **Dereitos fundamentais:** actuar como demandante e ser sempre parte para os casos de vulneración ou descoñecemento dos dereitos fundamentais da persoa menor de idade (en aplicación do artigo 12 da Lei 62/1978, de protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais da persoa).
 - **Medidas para facilitar o exercicio dos dereitos:** coñecer directamente da propia persoa menor de idade as situacións que esta considere atentatorias dos seus dereitos coa finalidade de que aquel promova as accións oportunas (artigo 10.2.b LOPXM) e actuar en defensa das persoas menores de idade (artigo 10.2.e LOPXM).
 - **Actuacións de protección. Acollemento:** recibir da entidade pública informe xustificativo da situación nos casos de acollemento residencial ou acollemento familiar temporal durante un período superior a dous anos. A entidade pública deberá xustificar as causas polas que non se adoptou unha medida protectora de carácter máis estable nese intervalo (artigo 12.7 LOPXM).
 - **Actuacións de protección. Garda provisional:** ter coñecemento, cando sexa necesario, dos feitos motivadores da actuación inmediata precisada por calquera persoa menor de idade e prestada polas autoridades e servizos públicos e a asunción

de convivencia da garda provisional (artigos 14 LOPXM e 172.4 CC) e, se logo de practicadas as dilixencias precisas non se formalizou a tutela ou se adoptou outra resolución, promover as accións procedentes para asegurar a adopción da medida de protección máis adecuada por parte da entidade pública (mesmo artigo 172.4 CC).

- **Actuacións de protección. Risco e desamparo:** recibir comunicación das declaracións de risco e desamparo, con posibilidade de supervisión. Poderase solicitar a colaboración dos centros escolares e dos servizos sociais, sanitarios ou de calquera outro (artigo 12.8 LOPXM).
- **Actuacións de protección. Risco:** ter coñecemento do consentimento respecto dos tratamentos médicos necesarios para salvagardar a vida ou integridade física ou psíquica dunha persoa menor de idade se constitúe unha situación de risco para os efectos de que se adopte a decisión correspondente en salvagarda do mellor interese da persoa menor de idade (artículo 17.10 LOPXM).
- **Actuacións de protección. Risco prenatal:** recibir comunicación das situacións de posible risco prenatal (artigo 12.9 LOPXM).
- **Actuacións de protección. Garda (voluntaria):** recibir comunicación das resolucións de garda (artigo 172.bis.2 CC).
- **Actuacións de protección. Desamparo:** recibir comunicación da resolución de desamparo (artigo 18.1 LOPXM e 172.1 CC)²⁸.
- **Actuacións de protección. Privación de PP e remoción de tutela:** promoverlas (artigo 172.1 CC).
- **Actuacións de protección. Acollemento familiar:** recibir resolución de acollemento e documento anexo de formalización (artigos 20.3 LOPXM e 172.ter.1 CC).
- **Actuacións de protección. Acollemento residencial:** exercer vixilancia sobre o acollemento residencial, incluíndo os proxectos educativos individualizados, o proxecto educativo do centro e o regulamento interno (artigo 21.5 LOPXM e 55 LOPIVI), recibindo notificación das medidas impostas por condutas ou actitudes contra a

28 Como exemplo de actuación, nas “Conclusiones de las Jornadas de delegados de menores. Salamanca, 29 y 30 de octubre de 2018”, últimas publicadas pola Fiscalía Xeral do Estado, concrétese: “5ª. Vén observando que algunhas entidades públicas en materia de desamparo tenden a pronunciar resolucións demasiado esquemáticas, estereotipadas e/ou carentes dun contido específico centrado no caso concreto co consecuente prexuízo para os menores. A actuación do Ministerio Fiscal nestes supostos deberá facer fincapé en lograr a mellora e adecuación de tales resolucións co fin de que o superior interese do menor quede protexido de forma eficaz. O fiscal instarao así ante a propia Administración, recorrerá, de ser o caso, e exercerá cantos resortes sexan precisos para a adecuación da resposta administrativa ás necesidades concretas do suposto. 6ª.- Nos casos en que se pronunciou resolución que declaraba o desamparo, o control da legalidade que incumbe ao Ministerio Fiscal tomará en conta tanto os aspectos formais como os materiais. Na esfera de control da legalidade dende a perspectiva material, constatarase a efectiva concorrencia daqueles elementos da realidade circundante ao menor que conduciron ao efectivo desamparo, procurando que a súa corrección respecte o dereito do neno a non ser separado dos seus pais e á súa integración na vida familiar. Na esfera de control da legalidade nos aspectos formais, verificarase que de forma efectiva o menor foi escoitado, que se posibilitou a participación dos seus proxenitores, que se pronunciou a resolución motivada suficientemente e con adecuación desta ás circunstancias concretas do caso, que se cursaron as notificacións en forma e que se deu o oportuno traslado ao Ministerio Fiscal. 7ª.- No suposto de observarse reticencias por parte das entidades públicas a declarar o desamparo dos menores, limitándose a incoar simples expedientes de “información previa”, as seccións de Menores solicitarán a pertinente resolución administrativa e valorarán despois a posibilidade de acudir ou non á vía xudicial conforme ao art. 780 -1 LAC”.

convivencia residencial e das medidas de contención aplicadas (artigos 21.7 e 21.ter.6 e 7, e 28.3 LOPXM) e igualmente das medidas de seguridade (artigo 27.3 LOPXM).

- **Actuacións de protección. Centros de protección específicos de menores con problemas de conduta:** solicitar autorización xudicial para o ingreso (artigo 26.1 LOPXM), dar autorización provisional por razóns de urxencia motivadas (artigo 26.3 LOPXM), solicitar o cesamento (artigo 26.5 LOPXM), recibir informes de seguimento trimestrais (artigo 32 LOPXM), e actuacións en visitas, permisos e comunicacións (artigos 34 e 35 LOPXM).
- **Actuacións de protección. Cesamento do acollemento:** solicitar a remoción da garda en acollemento familiar de xurdiren graves problemas de convivencia (artigos 173.3 e 4.b CC).
- **Actuacións de protección. Seguimento das medidas de protección:** comprobar, cando menos semestralmente, a situación da persoa menor de idade (artigo 174.2 CC) e poderanse solicitar informes (artigo 174.4 CC).
- **Actuacións de protección. Índice de tutelas:** deberá levar en cada Fiscalía un índice de tutelas (artigo 23 LOPXM).
- **Actuacións de protección. Adopción aberta:** propoñela (artigo 178.4 CC).
- **Dereito ás orixes:** requirir informes e antecedentes sobre a persoa menor de idade adoptada e a súa familia de orixe (artigo 180.6 CC).
- **Actuacións de protección. Visitas e comunicacións:** recibir notificación das resolucións motivadas sobre a suspensión temporal de visitas e comunicacións e, se procede, opoñerse a elas (artigo 161 CC).
- **Actuacións de protección. En xeral:** recibir informacións da/s persoa/s proxenitora/s ou titor/a sobre calquera cambio das circunstancias que deron lugar á declaración de situación de desamparo logo de pasados 2 anos dende a notificación da declaración de desamparo para solicitar ou opoñerse ás decisións ou medidas que se adopten (artigo 172.2 CC) e promover ou recibir notificación da revogación da declaración de desamparo (artigo 172.3 CC).
- **Actuacións de protección. Procedementos xudiciais:** deberá actuar de oficio en interese da persoa menor de idade, adoptando e propoñendo as medidas, dilixencias e probas que considere oportunas, suplir a pasividade dos particulares e asesoralos sobre os seus dereitos e sobre o modo de corrixir os defectos das súas solicitudes (D.A.3ª LOPXM).
- **Actuacións de protección. Procedementos xudiciais:** deberá velar para que, incoado un procedemento sobre reclamación fronte ás resolucións das entidades públicas que xurdan por mor do exercicio das súas funcións en materia de tutela ou de garda, se resolvan no mesmo expediente todas as accións e incidencias que afecten a unha mesma persoa menor de idade e, para tal efecto, deberá promover ante os órganos xurisdicionais as actuacións oportunas previstas na lexislación procesual (D.F.20ª LOPXM).
- **Actuacións de protección. En xeral:** poderá instar a adopción das medidas previstas no artigo 158 CC (D.F.4ª LOPXM e artigo 174.2 CC).

- **Actuacións en xurisdición voluntaria:** intervirá nos expedientes de xurisdición voluntaria cando estea comprometido o interese dunha persoa menor de idade (artigo 4 da Lei 15/2015, de 2 de xullo, da xurisdición voluntaria), abrangendo:
 - Adopción.
 - Expediente de provisión de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade (para menores ou maiores de idade).
 - Tutela, curatela e garda de feito.
 - Concesión xudicial da emancipación e beneficio da maioría de idade.
 - Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe da persoa menor de idade (con ou sen discapacidade).
 - Autorización ou aprobación xudicial para a realización de actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos bens e dereitos de persoas menores de idade (con ou sen discapacidade).
 - Intervención xudicial en relación coa PP.
- **Outras funcións** relacionadas coa PP, coa tutela ordinaria, coas situacións de discapacidade, de violencia de xénero, de estranxeiría, de responsabilidade penal das persoas menores de idade, de subtracción internacional de persoas menores de idade, de separación e divorcio que afecten as persoas menores de idade e calquera outra onde se afecten os dereitos dunha persoa menor de idade.
- Existe na fiscalía unha sección específica de “menores”, con actuación nos eidos de reforma e de protección: <https://www.fiscal.es/web/fiscal/-/menores>.

4.5 Xulgados e tribunais

- Os xulgados de primeira instancia e os xulgados de familia, onde existan, son os principais órganos xudiciais implicados na protección ás persoas menores de idade.
- En Galicia a relación de xulgados de familia é a seguinte:

Órgano xudicial	Competencia exclusiva en materia de
Coruña, A, 1ª Instancia nº 3	Familia. Ademais, asumen as competencias relativas á incapacitación (*), tutelas, curatelas e garda de menores ou incapacitadas (*) (títulos IX y X do libro I do Código civil)
Coruña, A, 1ª Instancia nº 10	
Ferrol, 1ª Instancia nº 6	Familia (títulos IV y VII do libro I do Código civil). Procedementos de liquidación de calquera réxime económico matrimonial.
Ourense, 1ª Instancia nº 6	<ul style="list-style-type: none"> • Familia. • Procedementos de liquidación de calquera réxime económico matrimonial. • Filiacións cando se trate de menores. • Internamentos non voluntarios e residenciais • Procedementos sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade • Tutelas, curatelas e garda de menores • Procedementos de adopción e procedementos de oposición á resolución contra a Administración. • Internamentos de menores en centro de protección específico. • Procedementos de xurisdición voluntaria de familia
Pontevedra, 1ª Instancia nº 5	Familia, capacidade das persoas e protección do menor.
Santiago de Compostela, 1ª Instancia nº 6	
Vigo, 1ª Instancia nº 5	Familia, (modificacións de réxime económico matrimonial e expedientes de xurisdición voluntaria), oposición a medidas de protección á infancia e á adolescencia, internamentos non voluntarios, adopción de medidas de carácter estable para persoas con discapacidade.
Vigo, 1ª Instancia nº 12	
Vigo, 1ª Instancia nº 15	

(*) Dende o 3 de setembro de 2021, data da entrada en vigor da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, as referencias á incapacitación deben entenderse feitas ás medidas de apoio para as persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

- **En xeral**, debe actuar acordando cantas medidas sexan mester para o interese da persoa menor de idade (artigo 158 CC) e cantas lle sexan solicitadas polo Ministerio Fiscal (artigos 174. 2 CC).
- **En particular**, a normativa vixente prevé de forma casuística unha amplísima serie de procedementos específicos:
- **PP**
 - o resolver os desacordos existentes entre as persoas proxenitoras no exercicio da PP
 - o atribuír total ou parcialmente o exercicio da PP a unha proxenitora en exclusiva (artigo 156, p. 5 CC)
 - o exercer a persoa menor de idade non emancipada a PP sobre os/as seus/súas fillos/as, coa asistencia das súas persoas proxenitoras ou titora/s, para os casos de desacordo ou imposibilidade (artigo 157 CC)
 - o acordar a privación total ou parcial da PP (artigo 170 CC)
 - o acordar a recuperación da PP (artigo 170 CC)
 - a extinción da PP por emancipación ou concesión do beneficio da maior idade por concesión xudicial (artigos 239.3 e 244 CC)
- **Garda**
 - o acordar a garda por parte da entidade pública para os casos en que legalmente proceda (artigo 172.bis.2 CC e 19.1 LOPXM)
 - o decidir baixo a garda de cal das persoas proxenitoras quedará a persoa menor de idade se viven separadas e non o decidisen elas por común acordo (artigo 159 CC)
- **Acollemento:**
 - acordalo para o caso de oposición dos pais ou titor (artigo 173.3 CC)
 - cesalo (artigo 173.4.a CC)
 - no acollemento familiar permanente, atribución aos acolledores das facultades de tutela que faciliten o desenvolvemento das súas responsabilidades (artigo 173.bis.2.c CC)
 - autorizar e cesar o ingreso nos centros de protección específicos de persoas menores de idade con problemas de conduta (artigo 26.1 e 5 LOPXM, e 778.bis da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil)
- **Adopción**
 - constituíla (artigo 176 e ss. CC)
 - declarar a exclusión do adoptante que tivese incorrido en causa de privación da PP das funcións tuitivas e dos dereitos que por lei lle correspondan respecto do adoptado ou adoptada ou os seus e as súas descendentes, ou nas súas herdanzas (artigo 179 CC)
 - extinguir a adopción (artigo 180.2 CC)
 - determinar a necesidade de asentimento na adopción (artigos 177.2.2º CC e 781 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil)



● **Visitas e relacións persoais**

- resolver cando se impedisen sen xusta causa as relacións persoais da persoa menor de idade cos/coas seus/súas irmáns/ás, avós e avoas e outros parentes e achegados/as (artigo 160.2 CC)
- resolver cando se suspendesen temporalmente as visitas e comunicacións pola entidade pública por parte das persoas proxenitoras, irmáns/ás, avós/as e outros parentes e achegados/as (artigo 161 CC)
- solicitar a intervención do punto de encontro familiar (artigo 11 do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia)

- **Recursos:** contra as resolucións que aprecien o desamparo e declaren a asunción da tutela por ministerio da lei (artigos 8.4 LDCG e 779 e ss. da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil).

● **Medidas de protección específicas do artigo 158 CC:**

- evitar perturbacións danosas no caso de cambio de titular da potestade de garda
- medidas necesarias para evitar a subtracción dos/as fillos/as menores de idade por algún ou algunha das persoas proxenitoras ou por terceiras persoas
- ordes de afastamento e/ou prohibicións de comunicación con respecto ás persoas proxenitoras, titoras, outros parentes ou terceiras persoas
- suspensión cautelar no exercicio da PP e/ou no exercicio da garda e custodia, a suspensión cautelar do réxime de visitas e comunicacións establecidos en resolución xudicial ou convenio xudicialmente aprobado e, en xeral, **as demais disposicións que considere oportunas**, a fin de apartar a persoa menor de idade dun perigo ou de evitarlle prexuízos na súa contorna familiar ou fronte a terceiras persoas

● **Outros:**

- entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa das medidas de protección á infancia e á adolescencia (artigo 778.bis da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil)
- medidas relativas á restitución ou retorno de persoas menores de idade nos supostos de subtracción internacional (artigo 778.quáter a sexies da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil)
- Á parte, en función do procedemento ou do tipo do asunto do cal se trate, poden intervir tamén os **xulgados de “Menores”**, os **xulgados de Instrución**, os **xulgados do Penal**, as **audiencias provinciais**, o **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** ou mesmo o **Tribunal Supremo**, o **Tribunal Constitucional** ou os **tribunais internacionais**.
- En particular, os xulgados competentes en violencia de xénero (artigo 544 quinquies do Real decreto, do 14 de setembro de 1882, polo que se aproba a Lei de axuízamento criminal) poderán:
 - Suspende a PP dalgunha persoa proxenitora. Neste caso poderá fixar un réxime de visitas ou comunicación en interese da persoa menor de idade e, de se o caso, as condicións e garantías con que debe desenvolverse.

- Suspende a tutela, curatela, garda ou acollemento.
- Establecer un réxime de supervisión do exercicio da PP, tutela ou de calquera outra función tutelar ou de protección ou apoio sobre a persoa menor de idade, sen prexuízo das competencias propias do Ministerio Fiscal e das entidades públicas competentes.
- Suspende ou modifica o réxime de visitas ou comunicación coa persoa coa que non conviva ou con outro familiar que se atopase en vigor, cando resulte necesario para garantir a protección da persoa menor de idade.

4.6 O/A Valedor/a do Pobo

- “O artigo 14 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, establece que poderá reclamar a atención do/da Valedor/a do Pobo toda persoa que invoque un interese lexítimo, sen restrición ningunha. Non poderá constituír impedimento para iso, entre outras circunstancias, a minoría de idade; tamén o é que as persoas menores de idade, polas súas propias características de minoría de idade, teñen dificultades para expoñer os seus problemas e queixas diante das institucións públicas e solicitar a súa protección, e entre elas cabe destacar a do/da Valedor/a do Pobo. Por iso é polo que o/a Valedor/a do Pobo non pode adoptar unha postura receptiva, senón que ten que ir ao encontro das persoas menores de idade e suplantando as súas chamadas, poñerse no seu lugar e indagar para o seu caso a posible vulneración dos seus dereitos”. (Menores vulnerables: Desprotección y responsabilidad penal 2008, páxina 11).
- O/A Valedor/a do Pobo desenvolve actuacións xerais, como foi ese informe, e tamén actuacións puntuais, como as que teñen dado lugar a, por exemplo:
 - (Q/3997/20) Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude para que as persoas menores de idade que se atopan no sistema de protección, cando alcanzan a maioría de idade, sexan informadas pola entidade pública de que a acción para esixir a rendición da conta xeral xustificada da administración dos seus bens prescribe aos cinco anos, contados dende o remate do prazo establecido para efectualo.
 - (Q/2880/19) Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude para que se adopten as medidas precisas para levar a cabo un proceso de escoita activa das persoas menores de idade dun expediente, tratando de esclarecer a percepción que os nenos teñen sobre a súa contorna; o sentimento de estar coidados e protexidos; as atencións médicas, de nutrición; apoio escolar; e as demais circunstancias que se consideren relevantes para determinar ou non a conveniencia dunha medida de protección, tendo en conta tamén a situación persoal do proxenitor co que conviven.
 - (Q/4543/19) Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude para que adopte todas as medidas precisas para que, no prazo máis breve posible, calquera persoa menor de idade que ingrese no centro Santo Anxo de Rábade conte cunha valoración de urxencia que determine a causa do problema de conduta que motivou o seu ingreso, avaliando especialmente a presenza de hábitos de consumo de



substancias tóxicas; elabórese, de ser o caso, un plan individualizado de deshabitación e aplíquense as medidas terapéuticas e educativas precisas, así como un plan específico de seguimento para cada menor por parte do seu técnico de referencia, nos termos que se consideren máis adecuados para garantir a comunicación entre os residentes e o Equipo Técnico de Menores.

4.7 Outros axentes de protección

- Para facer visible quen integra o sistema de protección á infancia e á adolescencia pode resultar de utilidade a sistematización efectuada pola **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia**²⁹.
 - Por unha banda, para facer visibles axentes de protección dende o **principio**, é dicir, dende a sensibilización, a prevención e a detección precoz, incluíndo a prevención da radicalización (artigos 22 a 25).
 - Por outra banda, para facer visibles **sistemas** de protección complementarios e interrelacionados co específico da entidade pública:
 - A **familia**, en especial en supostos de ruptura ou violencia de xénero (artigos 26 a 29).
 - O **sistema educativo** (artigos 30 a 37).
 - O **sistema sanitario** (artigos 38 a 40).
 - O **sistema de servizos sociais** (artigos 41 a 44).
 - O “**sistema tecnolóxico**” (artigos 45 e 46).
 - O **sistema de deporte e ocio** (ou ocio e tempo libre) (artigos 47 e 48).
 - **Forzas e corpos de seguridade** (artigos 49 e 50).
 - Os centros de protección (artigo 52) e as entidades colaboradoras en xeral.

²⁹ Ver *Resumen para profesionales* realizado polo Equipo de Tratamento Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Puente Genil.



Estrategias eficaces de intervención socioeducativa en riesgo de exclusión.

Achega un estudo xustamente sobre o que di o título referido ao colectivo de adolescentes en risco de exclusión social (e, polo tanto, de estar nun contexto non seguro ou mesmo de violencia). Recolle unha colaboración da UNED con Opción 3, Igaxes3, Fundación Trébol e Fundación Isos, publicada en abril de 2014. O texto completo está dispoñible en librerías. Unha aproximación pode verse en <https://www.redalyc.org/pdf/1350/135031394008.pdf>.

- Actuando sempre en interese da persoa menor de idade, e en coordinación coa Consellería de Política Social e Xuventude, co Ministerio Fiscal e/ou cos xulgados, terán distintas funcións e intervencións. Podemos salientar dous para pechar este apartado da guía:
 - **Os concellos.** Ademais do xa indicado no punto 3.3 desta guía sobre as competencias municipais, e no contido da LOPIVI, pode lembrarse que existe unha *Carta Municipal de los Derechos del Niño y la Niña* ou tamén a rede de Cidades amigas da infancia, subscrita por numerosos concellos co obxecto de camiñar cara a uns criterios comúns e boas prácticas tanto porque o concello é o referente político e administrativo máis próximo aos nenos e nenas como porque os concellos reciben a cada paso máis competencias (por exemplo, declarar a situación de risco prevista na LOPXM).
 - O peche somos **todas as persoas ou autoridades**, e especialmente aquelas que pola súa profesión ou función detecten unha situación de risco ou posible desamparo dunha persoa menor de idade, as cales teñen a obriga de comunicarllo á autoridade ou aos seus axentes máis próximos, sen prexuízo de prestarlle o auxilio inmediato que precise (artigo 13.1 LOPXM), sempre coa debida reserva (artigo 5 D 42/2000).

CUESTIONES PRÁCTICAS



A normativa de protección á infancia e á adolescencia ten na práctica **gran cantidade de posibles interpretacións distintas**, variando conforme ao contexto cultural, histórico e conceptual.

E para resolver tal problema **non existen receitas máxicas**, nin na lei nin fóra da lei, aplicables a todos os casos e que permitan unhas pautas de actuación ou resolución matematicamente infalibles.

Así, con carácter xeral, podemos marcar como guía a necesidade dunha **resposta equilibrada e ponderada a favor da persoa menor de idade**, examinando as circunstancias específicas do caso concreto para chegar a unha solución estable, xusta e equitativa, expresión esta de vello coa que a S.TS. de 16 de febreiro de 1988 resumía as pautas que había que seguir.

Pero o día a día da relación con cada persoa menor de idade, e máis coas adultas ao redor e os sistemas educativo, sanitario, social e outros, fan xurdir moitas cuestións ás cales podemos tratar de aplicar este razoable criterio e, así e todo, non obter unha resposta clara, á vista da subxectividade do carácter aberto e casuístico destes. Que facer entón? Como atopar a resposta axeitada para cada caso?

Con intención de seren prácticos, trataremos de ofrecer unhas pautas xerais e dar resposta concreta a algúns casos frecuentes.

5.1 Criterios xerais / Principios reitores

Pola dificultade de sistematizar e resumir os abundantes principios polos cales nos podemos guiar á hora de afrontar unha situación concreta, partiremos de utilizar como mecanismo orientador sempre a CDN e, con criterios máis prácticos, concretos e inmediatos, os utilizados na LOPXM.

- **Supremacía do interese da persoa menor de idade** (artigos 2 e 11.2.a LOPXM e 3 CDN): é a consideración primordial á cal debe obedecer calquera medida relacionada coa persoa menor de idade, expresada e reiterada con carácter xeral en toda canta regulación se fai da protección á infancia e á adolescencia e concretada logo para moitos casos concretos (por exemplo, a crianza e desenvolvemento do neno ou nena faranse **no interese superior da persoa menor de idade**, conforme lembra o artigo 18.1 CDN), o cal significa polo miúdo:
 1. Toda persoa menor de idade ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle concirnan, tanto no ámbito público como privado: primará o seu interese superior sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer.
 2. Para os efectos da interpretación e aplicación en cada caso do interese superior da persoa menor de idade, teranse en conta os seguintes **criterios xerais**, sen prexuízo dos establecidos na lexislación específica aplicable, así como daqueles outros que poidan considerarse adecuados atendendo ás circunstancias concretas do suposto:



- a) A protección do **dereito á vida, supervivencia e desenvolvemento** da persoa menor de idade e a **satisfacción das súas necesidades básicas**, tanto materiais, físicas e educativas como emocionais e afectivas.
 - b) A consideración dos **desexos, sentimentos e opinións da persoa menor de idade**, así como o seu dereito para participar progresivamente, en función da súa idade, madurez, desenvolvemento e evolución persoal, no proceso de determinación do seu interese superior.
 - c) A conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nunha **contorna familiar adecuada e libre de violencia**. Priorizarase a permanencia na súa familia de orixe e preservarse o mantemento das súas relacións familiares, sempre que sexa posible e positivo para o menor. En caso de acordarse unha medida de protección, priorizarase o acollemento familiar fronte ao residencial. Cando a persoa menor de idade fose separada do seu núcleo familiar, valoraranse as posibilidades e conveniencia do seu retorno, tendo en conta a evolución da familia dende que se adoptou a medida protectora e primando sempre o interese e as necesidades da persoa menor de idade sobre as da familia.
 - d) A **preservación** da identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma da persoa menor de idade, así como a non discriminación por estas ou calquera outras condicións, incluída a discapacidade, garantindo o desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
3. Estes criterios ponderaranse tendo en conta os seguintes **elementos xerais**:
- a) A **idade e madurez** da persoa menor de idade.
 - b) A necesidade de garantir a súa **igualdade** e non discriminación pola súa especial vulnerabilidade, xa sexa pola carencia de contorna familiar, sufrir malos tratos, a súa discapacidade, a súa orientación e identidade sexual, a súa condición de refuxiado, solicitante de asilo ou protección subsidiaria, a súa pertenza a unha minoría étnica, ou calquera outra característica ou circunstancia relevante.
 - c) **O irreversible efecto do transcurso do tempo no seu desenvolvemento**.
 - d) A necesidade de **estabilidade das solucións** que se adopten para promover a efectiva integración e desenvolvemento da persoa menor de idade, así como de minimizar os riscos que calquera cambio de situación material ou emocional poida ocasionar na súa personalidade e desenvolvemento futuro.
 - e) A **preparación do tránsito á idade adulta e independente**, consonte as súas capacidades e circunstancias persoais.
 - f) Aqueloutros elementos de ponderación que, no suposto concreto, sexan considerados pertinentes e respecten os dereitos dos menores.
- Os anteriores elementos deberán ser valorados conxuntamente, conforme os **principios de necesidade e proporcionalidade**, de xeito que a medida que se adopte no interese superior da persoa menor de idade non restrinxa ou limite máis dereitos que os que ampara.

4. Para o caso de concorrer calquera **outro interese lexítimo** xunto ao interese superior do menor, deberán priorizarse as medidas que, respondendo a este interese, respecten tamén os outros intereses lexítimos presentes. Para o caso de que non poidan respectarse todos os intereses lexítimos concurrentes, deberá primar o interese superior da persoa menor de idade sobre calquera outro interese lexítimo que puidese concorrer. As decisións e medidas adoptadas en interese superior da persoa menor de idade deberán valorar, en todo caso, os dereitos fundamentais doutras persoas que puidesen verse afectados.
 5. Toda resolución de calquera orde xurisdiccional e toda medida no interese superior da persoa menor de idade deberá ser adoptada respectando as debidas **garantías do proceso** e, en particular:
 - a) Os dereitos da persoa menor de idade para ser **informada, oída e escoitada**, e a **participar no proceso** consonte a normativa vixente.
 - b) A intervención no proceso de **profesionais cualificados ou expertos**. En caso necesario, estes profesionais deben posuír formación suficiente para determinar as específicas necesidades das persoas menores de idade con **discapacidade**. Nas decisións especialmente relevantes que afecten o menor contarase co informe colexiado dun grupo técnico e multidisciplinar especializado nos ámbitos adecuados.
 - c) A **participación de proxenitores, titores ou representantes legais** da persoa menor de idade ou dun defensor xudicial se houberse conflito de interese ou discrepancia con eles **e do Ministerio Fiscal** no proceso en defensa dos seus intereses. Presumirase que existe un conflito de interese cando a opinión da persoa menor de idade sexa contraria á medida que se adopte sobre ela ou supoña unha restrición dos seus dereitos.
 - d) A adopción dunha decisión que inclúa na súa **motivación** os **criterios** utilizados, os **elementos aplicados ao ponderar os criterios entre si e con outros intereses** presentes e futuros, e as **garantías procesuais** respectadas.
 - e) A existencia de **recursos** que permitan revisar a decisión adoptada que non considerase o interese superior da persoa menor de idade como primordial ou no caso en que o propio desenvolvemento do menor ou cambios significativos nas circunstancias que motivaron a dita decisión fagan necesario revisala. As persoas menores de idade gozarán do dereito á asistencia xurídica gratuíta nos casos legalmente previstos.
- Respecto aos **principios reitores da actuación dos poderes públicos en relación coas persoas menores de idade** do artigo 12 LOPXM salientamos tres:
 - **Mantemento da persoa menor de idade no medio familiar de orixe**, a non ser que non sexa conveniente para o seu interese (artigo 11.2.b LOPXM).
 - **Integración familiar e social da persoa menor de idade** (artigo 11.2.c LOPXM).
 - **Prevención e detección precoz** de todas aquelas situacións que poidan prexudicar o seu desenvolvemento persoal (artigo 11.2.d LOPXM e LOPIVI).



- A maiores, deben respectarse sempre **outros principios** como:
 - O **dereito a ser oído** (artigo 12 CDN e 9 LOPXM): a persoa menor de idade ten dereito a expresar a súa opinión en todos os asuntos que o afecten, téndose en conta en función da súa idade e natureza.
 - O **respecto aos seus dereitos e liberdades fundamentais**:
 - dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe: dereito ao honor, intimidade persoal e familiar e propia imaxe, incluíndo a inviolabilidade do domicilio familiar e da correspondencia, así como o segredo das comunicacións (artigo 4 LOPXM e 16 CDN)
 - dereito á información: dereito a buscar, recibir e utilizar información, promovendo valores de igualdade, solidariedade e respecto aos demais e evitando imaxes de violencia, explotación ou trato degradante ou sexista (artigo 5 LOPXM e 13 CDN)
 - liberdade ideolóxica: dereito á liberdade de ideoloxía, conciencia e relixión (artigo 6 LOPXM e 14 CDN)
 - dereito de participación, asociación e reunión (artigo 7 LOPXM e 15 CDN)
 - liberdade de expresión (artigo 8 LOPXM)
 - dereito á saúde (artigo 24 e 26 CDN).
- O principio de non discriminación (artigo 2 CDN e artigo 14 CE): os nenos, nenas e adolescentes deberán ser tratados por igual independentemente da súa raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou doutra índole, orixe nacional, étnica ou social, posición económica, impedimentos físicos, nacemento ou calquera condición súa ou dos seus pais ou representantes.
- E como concreción do anterior principio de non discriminación, e de maneira transversal, sempre se debe ter en conta se se dan determinadas circunstancias específicas, para aplicar as correspondentes especificidades por imperativo legal:
 - **Discapacidade, na persoa menor de idade e/ou na/s súa/s persoa/s proxenitora/s**, para aplicar a normativa sectorial específica, en particular o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica e, de ser o caso, a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e a súa normativa de desenvolvemento estatal e autonómica, e normativas de desenvolvemento e complementarias, garantindo os seus dereitos e dándolle as medidas de apoio necesarias.
 - **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, para poñer en marcha as medidas dos artigos 32 e ss. do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - **Violencia de xénero ou doméstica**, para aplicar as especificidades derivadas da súa normativa específica, algunhas xa detalladas parcialmente no punto 4.5 desta guía e outras derivadas da aplicación da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de

medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e mais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, con especial atención á regulación da relación presencial e non presencial e máis á atención psicolóxica ás persoas menores de idade vítimas de violencia de xénero.

- **Nacionalidade non española, en especial na persoa menor de idade**, para ter en conta a normativa sectorial específica composta pola Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o seu regulamento e o Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009, en síntese:

Localización de menores estranxeiros non acompañados	Art. 35 Loex arts. 190 e 215 Reloex Protocolo-marco 2014
Repatriación	Art. 35 Loex arts. 191 a 195 Reloex
Garantías no procedemento administrativo de repatriación de menores estranxeiros non acompañados	Arts. 22.2 e 35. Loex Arts. 191 a 195 Reloex
Permanencia en España. Autorización de residencia baixo tutela da Administración pública	Art. 35 e art. 62.4 Loex art. 196 a 198 Reloex
Traballo de menores baixo tutela	Art. 40.i) Loex
Desprazamento temporal de menores estranxeiros	Art. 95 Reloex art. 187 e art. 188 Reloex
Ingreso en centros de internamento	Art. 7 e art. 16.1 k RD 162/2014
Residencia do/da fillo/a de residente legal	Art. 185 e art. 186 Reloex

Debe indicarse que dende o 9 de novembro de 2021 a última modificación do Reloex supón:

- Que se **reduce a 3 o prazo de 9 meses ao que aludía o artigo 196.1 Reloex para documentar a persoa menor de idade**. Mediante a redución deste prazo, a Oficina de Estranxeiría competente non esperará, como ocorría na práctica, ao transcurso de nove meses para iniciar as súas actuacións con respecto á documentación de menores estranxeiros non acompañados, senón que estas se iniciarán unha vez transcorridos noventa días. Pola súa propia definición e características, un procedemento de repatriación ten valor e sentido se se realiza de forma inmediata, non transcorrido un longo período de nove meses. E a práctica demostraba que a incapacidade de repatriación quedaba acreditada moito antes e que, ademais, tal e como dispón o artigo 35.8 Reloex, a concesión dunha autorización non é obstáculo, en ningún caso, para que esta se poida levar a cabo nun momento posterior. Con este novo sistema, poñerase fin á situación sen carga documental á que xa apuntaba o Consello de Estado, garantíndose a identificación e documentación da persoa dende o inicio.
- Que non será necesaria a obtención dunha autorización de traballo para o exercicio de actividades por parte de menores estranxeiros en idade laboral tutelados pola entidade de protección de menores para aquelas actividades que, por proposta



da mencionada entidade, en canto permanezan nesa situación, favorezan a súa integración social (axústase a redacción dese mesmo artigo 196 Reloex, segundo o previsto nos artigos 40 e 41 Loex).

- Outras circunstancias, por exemplo, as que poidan dar lugar á suspensión do réxime de visitas da proxenitora non custodia, como a concorrencia de circunstancias graves por un lapso longo de tempo sen ter contacto coa persoa menor de idade, como na Sentenza nº 825/2019, Audiencia Provincial de Madrid, Sección 22, Rec. 1274/2018 do 7 de outubro de 2019, non acudir a revisións psiquiátricas, como na Sentenza nº 657/2019, Audiencia Provincial de Valencia, Sección 10, Rec. 150/2019, do 21 de outubro de 2019, ou adicións da persoa proxenitora non custodia que menoscaben o interese da persoa menor de idade, como na Sentenza nº 567/2019, Audiencia Provincial de Valencia, Sección 10, Rec. 18/2019 do 18 de setembro de 2019, ou o incumprimento grave ou reiterado dos deberes inherentes da proxenitora non custodia, como na Sentenza nº 641/2019, Audiencia Provincial de Barcelona, Sección 12, Rec. 805/2019, do 30 de outubro de 2019.
- Finalmente, mesmo non sendo nin unha norma nin un conxunto de criterios legais, senón unha ferramenta técnica para axudar na concreción da aplicación desas normas e criterios pola entidade pública, considérase de interese rematar os criterios cunha referencia ao **VALORA**, como instrumento para a valoración da gravidade das situacións de desprotección infantil nos servizos sociais especializados en protección de menores na Comunidade Autónoma de Galicia. Foi deseñado co fin de ser aplicado polos servizos sociais especializados en protección á infancia e á adolescencia da Xunta de Galicia para a execución das competencias establecidas na lei con relación á investigación e valoración das situacións de desprotección nas que se poden ver afectados os nenos, nenas e adolescentes. O instrumento achega criterios para a valoración da gravidade destas situacións e as correspondentes tomas de decisión. Insírese nun determinado procedemento de intervención, estruturado en fases diferenciadas e secuenciais (recepción, investigación, avaliación, deseño e execución do plan de intervención, reavaliación permanente do plan, fin da intervención) e cada unha delas ten os seus propios obxectivos, metodoloxía e prazos de tempo. Concretamente, aplicarase:
 - Na investigación de posibles situacións de desprotección que poidan estar producíndose na familia na que convive a persoa menor de idade.
 - Na valoración de situacións de desprotección ocorridas no pasado cuxa consideración sexa relevante no momento actual, dada a súa influencia na situación da persoa menor de idade.
 - Nos procesos de valoración dunha posible reunificación familiar, a condición de que existan espazos de convivencia suficientemente prolongados para valorar o coidado e o trato recibidos pola persoa menor de idade.
 - En procesos de valoración de solicitudes de garda en que se considere conveniente descartar posibles situacións de desprotección grave que requiran unha asunción de tutela.



«Coidar a toma de decisións: ¿Manter no fogar ou separar para protexer?».

Esta é a pregunta que se fai Antonio Ferrandis Torres, técnico da CAM e á cal dá resposta no seu artigo de 20 de novembro de 2021, Día Internacional dos Dereitos dos NNA, dentro da serie “Renovando dende dentro”. Contén 7 retos e propostas de mellora do sistema de protección á infancia en España. E contén 10 pistas para examinar a toma de decisións. Resulta un colofón ideal para cruzar a ponte que vai da teoría da lei e dos criterios á súa aplicación práctica: <https://renovandodentro.wordpress.com/2021/11/22/articulo-3-cuidar-la-toma-de-decisiones-mantener-en-el-hogar-o-separar-para-protexer-por-antonio-ferrandis-torres/>.



5.2 Respostas a algunhas cuestións usuais

(Segue a orde alfabética da primeira palabra)

1. Acollemento. A separación, divorcio ou extinción da parella de feito supón a extinción do acollemento?

A resposta témola na Sentenza do Tribunal Supremo 416/2015, do 20 de xullo, Recurso de casación 1791/2014, que indica no seu fundamento de dereito terceiro:

“El artículo 173. 4 del Código Civil prevé las causas por las que cesará el acogimiento, de entre las que contempla: “por decisión de las personas que lo tienen acogido, previa comunicación de éstas a la entidad pública” (número 2º). De ello se desprende que quienes intervinieron en el convenio del acogimiento puedan revocarlo.

Pero en cualquier caso sobre tal revocación habrá de pronunciarse la autoridad pública que ostenta la tutela administrativa del menor, naturalmente cuando, como es el caso, el acogimiento no se constituyó por resolución judicial.

Mientras tanto no cabe un abandono de facto del menor y los acogedores deben seguir cumpliendo con los deberes inherentes de su cargo”.

2. Acollemento e discapacidade. Pódese efectuar o acollemento familiar dunha persoa con discapacidade en situación de desprotección?

Si, pódese e débese adoptar calquera medida de protección conforme o marco normativo e técnico xeral e, ademais, debe garantirse a continuidade dos apoios que viñese recibindo ou a adopción doutros máis acaídos ás súas necesidades (tamén, artigo 42 D 42/2000) (ver apartado 3.4.b desta guía xurídica).

3. Acollemento e idade. Pódese efectuar o acollemento residencial dunha persoa menor de tres (3) anos?

A **regra xeral** é que non se pode.

A **excepción** son os supostos de imposibilidade, debidamente acreditada, de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando esta medida non conveña ao interese superior da persoa menor de idade (artigo 21.3 LOPXM).

4. Acollemento e idade. Pódese efectuar o acollemento residencial dunha persoa menor de seis (6) anos?

A **regra xeral** é idéntica á anterior.

Debe darse prioridade á utilización do acollemento familiar sobre o residencial, e só non sendo este posible ou conveniente para o interese da persoa menor de idade, o acollemento familiar pode pasarse ao acollemento residencial (artigo 172.ter CC e 21.3 LOPXM).

5. Acollemento permanente. Pódese efectuar un acollemento permanente?

A **regra xeral** é que non se pode, entendendo permanente como de duración superior a dous anos.

A **excepción** é que a entidade pública xustifique as causas polas cales non se adoptou unha medida protectora de carácter máis estable logo dun acollemento residencial ou acollemento familiar temporal durante dous (2) anos, e envíe o correspondente informe xustificativo ao Ministerio Fiscal (artigo 12.7 LOPXM).



6. Filiación. Pódese acudir á xestación subrogada?

A Sentenza de Pleno do Tribunal Supremo 277/2022, do 31 de marzo, Recurso de casación 907/2021, reitera as conclusións da súa Sentenza de Pleno do Tribunal Supremo 835/2013, do 6 de febreiro, Recurso de casación 245/2012, pola que considera que os contratos de xestación por substitución vulneran os dereitos fundamentais, tanto da muller xestante como do neno ou nena obxecto da xestación, son manifestamente contrarios á nosa orde pública e, polo tanto, nulos de pleno dereito conforme o art. 10 da Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida, e vulneran gravemente os dereitos fundamentais recoñecidos na nosa Constitución e na Convención sobre os Dereitos do Neno.

O Tribunal Supremo considera que o contrato de xestación por substitución entraña un dano ao interese superior da persoa menor de idade e unha explotación da muller que son inaceptables. Ambas son tratadas como meros obxectos, vulnerando a súa consideración como persoas dotadas da dignidade propia da súa condición de seres humanos e dos dereitos fundamentais inherentes a esa dignidade. Iso é contrario á Resolución do Parlamento Europeo, do 17 de decembro de 2015, sobre o Informe anual sobre os dereitos humanos e a democracia no mundo (2014) e a política da Unión Europea respecto diso, que condena a práctica da xestación por substitución, que é contraria á dignidade humana da muller, xa que o seu corpo e as súas funcións reprodutivas se utilizan como unha materia prima.

Con todo, o Tribunal Supremo considera que a satisfacción do interese superior da persoa menor de idade debe conducir a que o recoñecemento da relación de filiación á nai comitente deba obterse pola vía da adopción. Esta solución, segundo o Tribunal, satisfai o interese superior da persoa menor de idade, como esixe o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, pero á súa vez tenta salvagardar os dereitos fundamentais que o citado tribunal tamén considerou dignos de protección, como son os dereitos das nais xestantes e dos nenos e nenas en xeral. De maneira que por medio do procedemento de adopción poida comprobarse con todas as garantías a idoneidade dos comitentes para ser recoñecidos como titulares da patria potestade sobre o neno ou a nena.

7. Procedemento: informes. Que valor teñen os informes dos e das diferentes técnicos/as de intervención familiar?

A Sentenza do Tribunal Supremo 202/2022, do 17 de febreiro, Recurso de casación 5631/2019, analiza no seu **fundamento de dereito sétimo** a “naturaleza y valor probatorio de los informes de la Administración obrantes en el expediente administrativo más los aportados en sede judicial como pericial, todos elaborados por funcionarios o técnicos de la Administración”, da cal nos pode interesar o resumo que a sentenza, ditada en casación fai en **3 aspectos**:

“Una vez sentado que los expertos al servicio de la Administración pueden actuar como peritos y que sus dictámenes -al igual que cualquier otro dictamen pericial- han de ser valorados de manera libre y motivada, es preciso hacer tres consideraciones adicionales a fin de dar cumplida respuesta a la cuestión de interés casacional objetivo.

En primer lugar, tal como señala el recurrente, no es lo mismo que un informe o dictamen emanado de la Administración se haga valer como medio de prueba en un litigio entre terceros o en un litigio en que esa misma Administración es parte. En este último supuesto, no tiene sentido decir que el informe o dictamen goza de imparcialidad y, por ello, merece un plus de credibilidad: quien es parte no es imparcial. Además, cuando esto ocurre, el dato es relevante, pues exige no eludir la proveniencia puramente administrativa del informe o dictamen, examinando hasta qué punto ello ha podido influir en las conclusiones periciales.

En segundo lugar, en conexión con lo que se acaba de decir, no todos los expertos al servicio de la Administración se encuentran en una misma situación de dependencia con respecto al órgano administrativo llamado a decidir. Por mucha que sea la capacitación técnica o científica de la concreta persona, no es lo mismo un funcionario inserto en la estructura jerárquica de la Administración activa que alguien que -aun habiendo sido designado para el cargo por una autoridad administrativa- trabaja en entidades u organismos dotados de cierta autonomía con respecto a la Administración activa. A este respecto hay que recordar que, entre las causas de tacha de peritos no designados judicialmente, el art. 343 de la Ley de Enjuiciamiento Civil incluye “estar o haber estado en situación de dependencia o de comunidad o contraposición de intereses con alguna de las partes o con sus abogados o procuradores”. Y el art. 344 del propio cuerpo legal dispone que la tacha debe ser tenida en cuenta al valorar la prueba pericial. Pues bien, mientras que el funcionario inserto en la estructura jerárquica de la Administración activa está manifiestamente en situación de dependencia, el lazo es menos acusado en el otro supuesto. Precisar y ponderar, en cada caso concreto, el mayor o menor grado de dependencia del experto con respecto al órgano administrativo llamado a decidir es algo que, sin duda, debe hacer el juzgador.

En tercer y último lugar, seguramente hay supuestos en que los informes de origen funcional, aun habiendo sido elaborados por auténticos técnicos, no pueden ser considerados como prueba pericial. Ello ocurre destacadamente cuando las partes no tienen ocasión de pedir explicaciones o aclaraciones (arts. 346 y 347 de la Ley de Enjuiciamiento Civil y art. 60 de la Ley de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa). Dichos informes no tendrán más valor que el que tengan como documentos administrativos, y como tales habrán de ser valorados”.



8. Medidas de apoio. En concreto, e con independencia de existir ou non situación de risco e de desamparo, cales son actualmente as medidas de apoio ás familias?

No ámbito estatal, a *Guía de ayudas sociales y servicios para las familias 2022*, da Dirección Xeral de Diversidade e Servizos Sociais, Subdirección Xeral de Diversidade Familiar, do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, actualizada a 15 de maio de 2022, facilita información actualizada sobre as prestacións, beneficios e servizos á disposición de quen teña responsabilidades familiares no ámbito da Administración xeral do Estado. Recolle principalmente as axudas establecidas nos ámbitos de seguridade social, emprego, fiscalidade, servizos sociais, educación e vivenda, entre outros. Inclúe tamén un capítulo referido á parentalidade positiva (apoio a pais, nais e persoas con responsabilidades parentais), coa intención de proporcionar ferramentas para promover relacións positivas na familia. E tamén un capítulo sobre o uso seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. Está dispoñible de maneira aberta e gratuíta en: https://www.mdsocialesa2030.gob.es/derechos-sociales/familias/guia_ayudas_sociales/docs/GUIA2022.pdf

Nos ámbitos autonómicos, locais ou outros, poderá acudirse aos correspondentes documentos ou repositorios.

9. Nacionalidade. Unha persoa menor de idade de nacionalidade diferente da española, con ou sen discapacidade, pode pedir a nacionalidade española se está baixo a tutela administrativa da entidade competente en materia de protección á infancia e á adolescencia?

Pode facelo, mesmo cando teña discapacidade e sempre e canto teña como medida de apoio a curatela con facultades de representación plena, porque a Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, en vigor dende o 3 de setembro de 2021, redactou o artigo 22.2.c CC facilitando a solicitude da nacionalidade española logo dun (1) ano de residencia por parte de:

«c) El que haya estado sujeto legalmente a la tutela, curatela con facultades de representación plena, guarda o acogimiento de un ciudadano o institución españolas durante dos años consecutivos, incluso si continuare en esta situación en el momento de la solicitud.»

E a solicitude fórmúlaa, de acordo co artigo 21.3 CC:

- a) El interesado emancipado o mayor de dieciocho años.*
- b) El mayor de catorce años asistido por su representante legal.*
- c) El representante legal del menor de catorce años. (...)*
- d) El interesado con discapacidad con los apoyos y ajustes de procedimiento que, en su caso, precise”.*

10. Visitas e comunicación en xeral. Unha persoa menor de idade sempre ten dereito a se relacionar coa súa familia?

Non sempre, porque a **regra xeral** será que por suposto unha persoa menor de idade ten dereito a se relacionar con irmáns, avós, parentes ou achegados (masculino xenérico, conforme o artigo 94 CC).

Pero a **excepción** é que poderá impedirse esa relación cando exista xusta causa e, ademais, deberá asegurarse que as medidas que se poidan fixar para favorecer as relacións entre irmáns e avós e netos non permitan a infracción das resolucións xudiciais que restrinxan ou suspendan as relacións da persoa menor de idade con algún dos seus proxenitores (novamente masculino xenérico, como prevé o artigo 160.2 CC).

As resolucións xudiciais falan desa relación como un dereito e un deber, e o criterio debe ser sempre o interese superior de cada persoa menor de idade, que deberá avaliarse e xustificarse en cada caso e, en palabras da Sentenza do Tribunal Supremo 532/2018, do 27 de setembro, Recurso de casación 4843/2017:

“De los propios antecedentes de la norma se establece que aun cuando la relación prioritaria sea la paterno filial, debe prestarse una especial atención a la relación abuelos-nietos, en interés del propio menor (Sentencia 723/2013, de 14 de noviembre). Rige en la materia un criterio de evidente flexibilidad en orden a que el Juez pueda emitir un juicio prudente y ponderado, en atención a las particularidades del caso, el cual deberá tener siempre como guía fundamental el interés superior del menor”.





CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE



Xacobeo 21-22